Unha constante das viaxes presidenciais, e doutros membros do Goberno, é o escurantismo sobre as súas axendas, obxectivos e finalidade dos periplos gubernamentais ao exterior. Das viaxes a outros territorios de España nin sequera se cita.

A política exterior é unha parte moi importante da acción de calquera Goberno, máxime no caso da nosa Comunidade Autónoma con tanta e tan extensa presenza no mundo. Tamén é costume, nos países civilizados e de profunda tradición democrática, que a política exterior sexa unha “política de Estado” debatida e consensuada co conxunto de forzas con representación no Parlamento e cun amplo consenso social. Nada disto se da en Galicia e mesmo os órganos creados ao efecto, sen presenza das forzas políticas da oposición parlamentaria e con total desprezo ao seu papel e á cidadanía que representan, tórnanse en inoperativos e carentes de

utilidade diante da improvisación continuada e da falta dunha liña condutora definida por parte Goberno.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cal é a razón que impide ao Sr. presidente da Xunta comparecer no Pleno do Parlamento para dar conta das súas viaxes ao exterior?

2.^a) Cal é a razón pola que o Sr. Núñez é incapaz de facer pública unha axenda pechada antes de todos e cada unha das súas viaxes ao exterior?

3.^a) Cal é a razón pola que o Sr. Núñez prescinde, nalgunha das súas viaxes, da cobertura informativa pública galega?

4.^a) Cales son as razóns para que distintos e diversos membros do Goberno galego solapen a súa presenza coa do secretario xeral de Emigración en distintos países, preferentemente da América tropical?

5.^a) E prescindible a Secretaria Xeral de Emigración?

6.^a) Porqué non coñecemos as axendas, pechadas e previas ás viaxes, dos membros do Goberno galego?

7.^a) Cales foron os retornos para Galicia, das viaxes de todos e cada un dos membros do Goberno?

Parlamento de Galicia, 27 de xuño de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 27/06/2014 09:53:26

Beatriz Sestayo Doce na data 27/06/2014 09:53:35

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 27/06/2014 09:53:40

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **M^a Soledad Soneira Tajés, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión 2.^a, Ordenación do Territorio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Distintas e diversas obras públicas, dependentes da Xunta de Galicia, están sufrindo atrasos considerables. Esta situación ten consecuencias importantes para os territorios onde se executan por canto adían, nalgún caso de xeito dramático, o seu desenvolvemento e progreso, pero tamén para o conxunto da economía galega por canto frean o investimento e a cadea consecvente a el: emprego, comercio, servizos, etc.

Algúns destes atrasos poden responder a cuestións técnicas ou de oportunidade pero, nalgunha delas a situación chega ao esperpento coma no caso da autovía da Costa da Morte xa que, logo da súa adxudicación polo Goberno de Emilio Pérez Touriño, foi rescindida a mesma polo Goberno de Alberto Núñez Feijoo e volta a adxudicar, logo de dúas convocatorias onde abundaron os problemas e mesmo mereceu, a primeira delas, unha denuncia por parte dunha das empresas concorrentes.

Todo este sen sentido acabou nunha concesión por un período menor de tempo e por un custe moi superior ao da primeira concesión. Polo camiño téñense producido situacións impropias dun país democrático e desenvolvido: o Goberno galego comprometeu, en distintas ocasións, uns prazos de execución que nunca se cumpriron, comprometeu apoio á concesionaria para acadar o financiamento necesario para o remate das obras... e tampouco se ten producido que se saiba, tense anunciado unha priorización dos tramos para volver ao vello proxecto fraguiano de construír o traxecto entre Baio e Carballo, renunciando a vertebrar o conxunto da Costa da Morte, tense enganado ás institucións locais e aos colectivos sociais en reunións feitas en vésperas electorais, onde se poñía a palabra do presidente e do conselleiro como garante dos compromisos, etc, etc.

A situación é tal, que os traballos xa feitos están estragados en grande parte, a “autovía” é utilizada como choteo, burla e exemplo de despilfarro público e, entre tanto, se cambia ao responsable de tal desfeita pero as consecuencias e o esperpento continúan.

As deputadas e os deputados asinantes, diante de semellante estado de cousas, formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas vías de comunicación de titularidade autonómica, en fase de execución, están paralizadas, ou sofren atrasos con respecto aos prazos de execución e cales son as razóns?
- 2.^a) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para dar solución a este problema en todas e cada unha delas?
- 3.^a) Que vai a facer a Xunta de Galicia coa autovía da Costa da Morte?, rescindir a concesión?, abordar a obra con fondos propios?, renunciar á construción da mesma?
- 4.^a) Considera o Goberno galego que os contratos e as condicións establecidos nas adxudicacións están para cumprirse e non para ser interpretados de xeito graciable?
- 5.^a) Ten algún valor a palabra do presidente e dos membros do seu Goberno?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 27/06/2014 10:00:40

Raúl Fernández Fernández na data 27/06/2014 10:00:47

José Antonio Sánchez Bugallo na data 27/06/2014 10:01:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2014 10:01:18

Á Mesa do Parlamento

M^a Soledad Soneira Tajés, Francisco Caamaño Domínguez, Beatriz Sestayo Doce e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Os centros galegos espallados polo mundo son un dos maiores patrimonios de Galicia. A través deles, Galicia tense proxectado no mundo ao longo de mais dun século e son a testemuña viva da capacidade emprendedora da cidadanía galega, que tomaron o camiño do exilio para mellorar as súas condicións de vida.

As entidades creadas pola cidadanía galega, moitas delas centenarias, deron resposta ás necesidades de todo tipo que os nosos expatriados tiñan. Para curar os corpos crearon hospitais e residencias para anciáns. Para aloumiñar o espírito e acougar as soidades, fixeron centros recreativos e sociais. Cando foi preciso dar resposta aos ideais patrióticos e o compromiso co país editaron libros na lingua prohibida, acubillaron aos creadores/as e pensadores/as, aos líderes políticos perseguidos/as e aos intelectuais comprometidos/as. E sempre mirando cara a patria de orixe onde a pegada do seu compromiso aínda perdura a través de decenas de centros de formación, de equipamentos públicos de todo tipo, de modernización económica e social, ou mesmo achegas financeiras inxentes.

Pero os centros galegos son incluso moito mais: creadores do mutualismo solidario en moitos países de América Latina, difusores e gardas das tradicións, lingua e cultura dun dos pobos europeos mais antigos; salvagardas dunha gran parte do patrimonio inmaterial, cultural e identitario de Galicia e, en moitos casos, de España; porto e refuxio do exilio republicano español, preservando unha parte significativa do legado intelectual e político da Segunda República; colaboradores das administracións dos países de acollida, rexistrando e documentando aos milleiros de inmigrantes galegos que, por centos de miles, buscaban unha vida mellor lonxe da súa terra; promotores da modernización e innovación

Grupo Parlamentario

da súa terra de orixe, e un longo etc. Que abrangue case que tódolos aspectos da vida da Galicia moderna.

A Galicia de hoxe descoñece, en gran medida, todo ese rico patrimonio que lle ten dado identidade formal como un pobo diferenciado en España, en Europa e no mundo. Dende os seus símbolos ate as publicacións literarias, que fixeron posible a difusión e o coñecemento dunha lingua propia que é tamén a salvagarda dun patrimonio de toda a humanidade.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que medidas ten tomado, ou pensa tomar, a Xunta de Galicia para preservar o patrimonio que supoñen para Galicia o conxunto de centros galegos históricos espallados polo mundo?
- 2.^a) Que accións ten tomado o Goberno galego para promover algún tipo de protección e amparo legal para a salvagarda dos seus valores arquitectónicos, históricos, culturais e sociais?
- 3.^a) Que accións pensa levar a cabo o Goberno galego para que centros tan emblemáticos, como o Centro Galego de Bos Aires, non perdan a súa vinculación con Galicia?
- 4.^a) Que accións ten levado a cabo a Xunta de Galicia para procurar o retorno do “Centro Galego de La Habana” á colectividade galega de Cuba?
- 5.^a) Ten inventariado a Xunta de Galicia o patrimonio cultural que tutelan estas entidades?
- 6.^a) Se non fose así, ten previsto facelo?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2014

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

María Soledad Soneira Tajés na data 27/06/2014 10:13:17

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 27/06/2014 10:13:42

Beatriz Sestayo Doce na data 27/06/2014 10:13:56

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 27/06/2014 10:14:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**.

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia publicouse o 12 de xuño de 2014 o seguinte acordo aprobado por unanimidade:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1. Axilizar a tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social para adecuar o tempo aos prazos que marca a normativa vixente.

2. Instar os concellos, como administración corresponsábel da tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social. A axilizar a tramitación dos expedientes, tal e como establece a Lei de inclusión social de Galicia.

3. Acordar que a todas as persoas que teñan solicitada a renda de inclusión social de Galicia pola Lei de inclusión social de Galicia e estean agardando pola resolución dela, superados os tempos legais establecidos, lles sexa recoñecido o dereito á percepción da renda por silencio administrativo.

4. Acordar que todas as solicitudes rexistradas antes do 31 de marzo de 2014 se resolvan nun prazo máximo de dous meses.”



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dada a importancia deste acordo, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Que nivel de execución tivo?
2. Cantos expedientes anteriores ao 31 de marzo de 2014 foron resoltos positivamente?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 27/06/2014 11:20:41



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez e Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de implantar o Grao de Enxeñería Física no campus de Ourense.

Non hai moitos días que na prensa de Ourense aparecía a noticia de que “Mais da metade dos/as Ourensáns/ás que queren cursar estudos universitarios, fano fóra da súa provincia porque non atopan a oferta da titulación desexada”.

Estas novas do xornal aparecían mesturadas con outras que falaban de “Enxeñería física, un fito de esperanza, unha gran noticia para Ourense”.

Estas novas viñan a conto de que a Universidade de Vigo quere implantar no Campus de Ourense, a titulación de Enxeñería Física.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria emitiu un informe (a principios de ano) no que considera que a carreira de Enxeñería Física ten pertinencia socioeconómica para a súa implantación no SUG, sendo este o primeiro paso, o requisito previo, para someter a proposta ao proceso de verificación a través da Axencia Galega de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG).

Compre termos presente que, dende o ano 2009 no campus de Ourense suprimíuse a licenciatura de Física, unha decisión que o TSXG anulou e que polo tanto debe ser repostada.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Compre tamén ter presente que a propia Consellería autorizou á Universidade de Vigo a iniciar os trámites para a verificación do título pola ACSUG.

Compre ter presente, ademais, que a Universidade de Vigo tomou o acordo para a posta en marcha da titulación de “Enxeñería Física” no campus de Ourense; demanda apoiada polo Concello e Deputación de Ourense así como pola plataforma social e veciñal de apoio; demanda apoiada por máis de 11.000 persoas que reclaman a importancia deste novo Grao porque enriquecería o Campus de Ourense e o propio SUG.

Lamentabelmente, cando toda a sociedade ourensán celebraba unha titulación nova para o seu campus, a ACSUG emitiu un informe provisional para a verificación do título que sementaba dúbidas, e preocupación, sobre a posibilidade de contar cunha nova titulación no campus de Ourense para o vindeiro curso 2014/2015.

O Grupo Parlamentar do BNG tamén comparte esa preocupación, apoiando con toda a súa forza a demanda xeneralizada dos/as ourensáns/ás, e entende que a Consellería de Educación debería poñer todos os medios para que Ourense puidera ofertar esta nova titulación de Enxeñería Física para o vindeiro curso 2014/2015, para repoñer unha titulación que lle foi suprimida no 2009, e para que o estudantado da provincia puidera ter a oportunidade deste novo Grao dunha rama técnica.

Polo anteriormente exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que medidas pensa tomar o Sr. Conselleiro para que a titulación de Enxeñería Física sexa realidade no curso 2014/2015 no campus de Ourense?

-Comparte o Goberno Galego as demandas da sociedade ourensán e das súas institucións, para a posta en marcha do título de Enxeñería Física?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que a Enxeñería Física é unha titulación que reforzaría o campus de Ourense e enriquecería a oferta do SUG?

-Comparte a necesidade deste reforzo da oferta de titulacións aproveitando o profesorado que xa existe no campus de Ourense?

-Entende a Consellería que Ourense debe ser restituída dunha titulación que lle foi suprimida no anos 2009?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2014

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 27/06/2014 16:31:05

María Tareixa Paz Franco na data 27/06/2014 16:31:12

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa aos anuncios do ministerio de privatización do rexistro civil.

As hipocrisías do ministro de in-xustiza do goberno central desveláronse no Senado cando con mentiras tratou de xustificar porqué os rexistros civís serán privatizados mediante a súa entrega aos rexistradores mercantís, gremio tan do gusto do presidente do goberno. Anuncio que choca de xeito frontal coas demandas da sociedade e da plantilla dos actuais rexistros civís. Anuncio que choca en suma co interese xeral que se presume que un goberno debe soste sen plegarse a intereses corporativos.

Anuncio que se fai sen terse posto na mesa sectorial de negociación coa representación sindical das traballadoras e traballadores, porque se quere evitar dicir a verdade dos milleiros de postos de traballo que se perderán de implementarse a medida anunciada polo ministerio. Anuncio que se fai co señuelo de que malia seren privatizados seguirán a ser gratuítos e universais a pesares de non se coñecer caso algún de servizo prestado nesas condicións unha vez entregado ao lucro privado.

Anuncio que evita discutir que os rexistradores mercantís non son funcionarios públicos, que o persoal que traballa nas súas oficinas non é persoal público, coas obrigas e deberes que se desprenden desta condición ou que a utilización da plataforma electrónica non é outra cousa que a vampirización das aplicacións informáticas xa desenvolvidas con cartos públicos.

Os problemas diagnosticados nos actuais rexistros civís teñen nome propio e se vencellan coa falla de medios materiais e humanos que as diversas administracións competentes non atenden, obsesionadas con cumprir con servilismo os mandados da Troika. A Xunta debería fornecer os rexistros civís con medios materiais e humanos suficientes.

Polo que diante do referido o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- Que actuacións está a desenvolver o goberno galego diante do goberno central para garantir a non privatización dos rexistros civís?
- Que actuacións está a realizar o goberno galego para fornecer os medios materiais e humanos dos rexistros civís?

Compostela, 30 de xuño do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 30/06/2014 14:06:11

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

No concello de Forcarei, se están desenvolvendo traballos de sinalización de parcelas da concentración das parroquias de Quintillán - Meavía.

Nestes días pasados os veciños e veciñas asisten atónitos á sinalización das súas novas parcelas por parte da empresa contratada para desenvolver os traballos, e observan como nalgúns casos a demarcación das novas fincas invaden terreos afectados por viais, por sinalizacións... etc.

Ante isto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que empresa está a desenvolver ditos traballos?
2. É coñecedora a Xunta de Galicia destes feitos?
3. Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para que se aclare esta situación e así evitar problemas futuros?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2014

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 30/06/2014 15:47:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Raúl Fernández Fernández na data 30/06/2014 15:47:26

José Antonio Sánchez Bugallo na data 30/06/2014 15:47:32

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Carlos González Santín, María Concepción Burgo López, Vicente Docasar Docasar, José Ramón Val Alonso e Carmen Gallego Calvar, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A residencia da terceira idade e centro de día de Becerreá é unha demanda histórica. Tanto que o presidente do Goberno galego, pouco antes das eleccións autonómicas de 2009, no transcurso dunha visita realizada a este municipio, comprometeuse a executar esta infraestrutura. Tal é así que todos os veciños e veciñas da comarca lembran como o Sr. Feijóo dixo publicamente, que o seu Goberno executaría estas instalacións para prestar un servizo moi demandado pola cidadanía, xa que a Montaña é onde reside o maior número de persoas maiores da provincia.

Lamentablemente, xa pasaron cinco anos, e daquelas palabras do presidente da Xunta hoxe non hai nada de nada. É por este motivo, polo que os cidadáns e cidadás deste concello e da comarca dos Ancares permanecen nun total estado de indefensión, pois descoñecen por que o Goberno galego continúa, despois de cinco anos, co proxecto durmindo nun caixón, cando non existe ningún tipo de impedimento para iniciar as obras. Esta circunstancia, que non é menor, evidencia, en primeiro lugar, a política partidista do Partido Popular, e, en segundo lugar, que Feijóo só se acorda da Montaña en eleccións, logo, pasado este proceso, “se te vin, nin me lembro”.

En contraposición á actuación da Administración autonómica, destaca a dilixencia na xestión levada a cabo pola Deputación de Lugo e o Concello. A institución luguesa cumpriu a súa palabra en tempo e forma, xa que a pesar de non ter competencias na materia, non só asumiu a redacción do proxecto da residencia, senón que llo entregou ao Concello e este, pola súa banda, púxoo a disposición do Goberno galego para que emprendese o inicio dos traballos.



Grupo Parlamentario

Polo tanto, e tendo en conta que non existe ningún impedimento para licitar as obras, o Grupo Parlamentario Socialista non entende a que se debe este atraso, e tampouco entende por que a Sra. Mato aínda non ordenou a súa construción. Que os veciños da comarca dos Ancares dispoñan deste servizo só depende da vontade política da Xunta, nin máis nin menos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Deputación fixo os deberes. O organismo provincial realizou así, coa redacción do proxecto desta residencia, que terá unha capacidade de máis de 100 prazas, un gran esforzo investidor, xa que esta colaboración permitiulle á Xunta, ademais, aforrar os cartos da elaboración do documento.

Pola súa banda, o Concello tamén manifestou, en varias ocasións, a súa disposición a cambiar o emprazamento se o Executivo o consideraba oportuno, pois o que lle importa á entidade local é que esta infraestrutura sexa unha realidade canto antes. Así llo reiterou o alcalde á conselleira de Traballo e Benestar en numerosas ocasións, a través de distintas peticións de entrevista que, lamentablemente, todas foron declinadas por Beatriz Mato, pois esta non contestou a ningunha das demandas formuladas polo rexedor municipal.

Becerreá é a única cabeceira de comarca que non dispón de residencia de persoas maiores, polo que é de xustiza que o Partido Popular cumpra a palabra que os respectivos responsables empeñaron ano tras ano.

Na actualidade, sen contar o resto da comarca, só este municipio conta cunhas 1.100 persoas maiores de 65 anos, o que supón máis do 33 % da poboación. O forte declive demográfico que sofre este concello provoca que a construción da residencia sexa unha demanda que se remonta a tres décadas atrás. Tal é así, que a primeira reivindicación produciuse hai xa 31 anos, concretamente a 1983, ano que o Concello cedeu ao Goberno autonómico unha finca de 1.200 metros cadrados de superficie para a súa construción. Este proceso chegou á fase de adxudicación, pero nunca se executou, xa que neste terreos creouse un centro de servizos sociais que en 1997, foi transferido ao Concello.

Por todo iso, e no caso de que a Administración galega rexeite a construción desta infraestrutura, a Xunta de Galicia sería a única responsable de que Becerreá continúe sendo a única cabeceira de comarca da provincia que non dispón dun servizo destas características e, o que é máis importante, demostraríase que o Sr.



Grupo Parlamentario

Feijoo mentiu deliberadamente aos veciños e e ás veciñas da Montaña, co obxectivo de conseguir uns cantos votos, sen importarlle as súas necesidades.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tendo en conta o anteriormente exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia cumprir a palabra dada polo seu presidente a toda a veciñanza de Becerreá hai 5 anos, e que incluía a construción dunha residencia da 3ª idade e centro de día no dito municipio?

2ª) Podería concretar o Goberno galego cando ten previsto emprender as xestións para desbloquear o proxecto, así como iniciar as obras?

3ª) De ser así, podería precisar a o prazo de execución, e se estas estarían rematadas en 2015?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2014

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 30/06/2014 16:35:16

María Concepción Burgo López na data 30/06/2014 16:35:27

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 30/06/2014 16:35:40

José Ramón Val Alonso na data 30/06/2014 16:35:55

María Carmen Gallego Calvar na data 30/06/2014 16:36:06

A Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Angel Camino Copa, M^a Dolores Faraldo Botana, Jaime Iñiguez Martínez, Enrique Novoa López, Aurelio Núñez Centeno, Miguel Prado Patiño e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A promoción da cultura galega é unha constante na CRTVG desde o seu nacemento e un aspecto do seu servizo público que todo aquel que xestione o ente debe ter moi presente. Pero fronte aos tradicionais contidos culturais inseridos nas grellas de programación da radio e da televisión públicas, que merecen todo o interese, estase a ver a necesidade crecente de desenvolver esta mesma tarefa de difusión da cultura galega a través das novas canles como son internet e os dispositivos móbiles.

Por este motivo, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta:

Está a CRTVG a aproveitar os novos medios dixitais para modernizar o seu papel fundacional de apoio á cultura galega?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Agustín Baamonde Díaz na data 01/07/2014 10:00:31

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Angel Camino Copa na data 01/07/2014 10:00:43

María Dolores Faraldo Botana na data 01/07/2014 10:00:52

Jaime Iñíguez Martínez na data 01/07/2014 10:00:59

Enrique Nóvoa López na data 01/07/2014 10:01:07

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 01/07/2014 10:01:23

Jesús Miguel Prado Patiño na data 01/07/2014 10:01:31

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 01/07/2014 10:01:44

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, membro do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa á privatización dos procedementos para a obtención da nacionalidade española aos descendentes de sefardíes.

En conexión coa vontade gubernamental de privatizar o rexistro civil, o goberno estatal vén de comezar a privatización dos procedementos para a obtención da nacionalidade española. A vicepresidenta do goberno español anunciou o proxecto de lei para a concesión da nacionalidade aos descendentes de sefardíes por carta de natureza, o cal establece mediante unha operativa- contemplada no artigo 2- ao traveso dos notarios, outro colectivo do agrado do presidente Rajoy, e previo pago de 75 euros para acreditar a devandita condición sefardí.

A acreditación que desenvolve o proxecto de lei do goberno central farase ao traveso dos notarios, que serán as figuras que farán negocio e elevarán proposta motivada ao consello de ministros; o trámite requerirá dunha plataforma electrónica e o previo pagamento de 75 euros. Esta operativa supón modificar de xeito regresivo o trámite vixente até o de agora, que evitaba ter que presentar unha petición ao través dun colectivo particular (o notariado) e mediante unha plataforma de pago.Desbáldese a representación consular española, que sería de oficio a sorte de oficina de rexistro civil onde presentar a solicitude de nacionalidade. Temos que rexeitar tanto a privatización do procedemento canto o establecemento dunha taxa.

Este decreto deixará sen efecto o establecido pola lei 20/2011 e o regulamento do rexistro civil, que establece que as solicitudes de adquisición d enacionalidade por residencia comezarán e se tramitarán polos órganos da administración xeral do Estado, circunstancia que non concorre no caso dos notarios; outrosí de modificar os artigos 21.1 e 23 do Código Civil. O totalitarismo neoliberal acode presto a socorrer aos notarios, ese grupo agraciado polos favores do presidente Rajoy. Totalitarismo neoliberal que tanto favorece a uns poucos como emprega unha piadosa fórmula eufemística: “ (...) y por imperativo de la historia los judíos volvieron a emprender los

caminos de la diáspora...” para evitar unha mención explícita á política da intolerancia e violencia que decretaron daquela os Reis Católicos mediante o edicto de Granada. Política que terá unha desgrazada prolongación na expulsión dos moriscos. Política que aínda bañará en sangue á chamada antiespaña ao abeiro da violencia militar-clerical-fascista que alumeou a ditadura fascista de Franco.

En atención ao antedito, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Non vai o goberno galego realizar as xestións oportunas diante do goberno central para modificar o contemplado no artigo 2 do proxecto de lei, de maneira que non se privatice un atributo propio do Estado e se estableza ademais unha taxa.

Compostela, 1 de xullo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 01/07/2014 11:09:17

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno Feijoo decidiu crear unha Area Sanitaria Unica para toda a provincia de Ourense, a Area Integrada de Ourense, suprimindo de feito a área sanitaria propia que ata agora tiña Valdeorras.

Esta decisión foi mingando pouco a pouco a calidade e a cantidade dos servizos prestados no Hospital do Barco.

Os recortes e as supresións sumados á progresiva centralización dos servizos en Ourense capital, ten provocado que cada vez se solucionen menos problemas sanitarios no propio Barco, obrigando aos veciños e veciñas de Valdeorras a custosos, penosos e longos desprazamentos.

Esta situación foi denunciada en moitas ocasións polos socialistas que sempre fomos tachados polo PP local de alarmistas, pois ben agora son os propios facultativos e facultativas do centro hospitalario comarcal os que fan a denuncia.

Máis de 35 profesionais da medicina do comarcal elevan as queixas polo desmantelamento deste centro ao Presidente Feijoo, cansados de protestar sen topar solucións nas xerencias tanto do centro como da área integrada que contan coa complicidade muda da consellería.

Os recortes no número de especialistas de garda nas especialidades máis básicas e imprescindibles, como pode ser cirurxía ou hematoloxía, sumados ás especialidades “fantasma” como é o caso da cardioloxía ou mesmo uroloxía que parece que hai sen haber ... están provocando abondosas queixas da cidadanía e agora tamén, firmadas e seladas, dos e das profesionais.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero os recortes non se limitan aos recursos humanos senón que se estenden a aparataxe, o famoso TAC que quedara comprometido no 2009 leva dende que chegou Feijoo a Xunta de Galicia, é dicir un lustro, desaparecido.

E o que acaba de comprometer o normal funcionamento deste hospital son os recortes na dotación do Servizo de Urgencias algo tan básico e fundamental para un centro comarcal.

Ademais o Hospital do Barco non é alleo ás privatizacións do PP, probas de laboratorio e o mantemento da aparataxe xa o privatizaron o que ocasiona máis deficiencias e retrasos.

E debido a que Feijoo recorta, suprime e privatiza a sanidade pública, os valdeorreses e valdeorresas teñen que recorrer a Ourense cada vez con máis frecuencia para poder topar a solución para os seus problemas de saúde.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que lle contestou Feijoo á carta de denuncia que os e as profesionais do Hospital de Valdeorras lle enviaron en xuño de 2014?
2. Considera o Goberno que a área integrada mellorou a dotación do hospital? Como explica entón que cada vez haxa máis deficiencias e traslados nese centro, segundo denuncian os e as facultativas do mesmo?
3. Cantos días ao mes se ten hematólogo de garda no Hospital do Barco?
4. Canta cirurxía urolóxica se fixo no Barco?
5. Cantos pediatras hai no Hospital Comarcal de Valdeorras? Cantos especialistas quedan de garda de localizada de cirurxía e de xinecoloxía?
6. Cantos cardiólogos de garda hai e cantos días ao mes?

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

7. Cantas veces se estragou o TAC do Barco neste ano 2014 e cantos días de media tardou en arranxarse? Cantos desprazamentos a Ourense houbo que realizar por carecer de TAC?
8. Con cantos profesionais da medicina conta o Servizo de Urxencias actualmente por tramo de garda?

Pazo do Parlamento, 30 de xuño de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Álvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 01/07/2014 14:16:37

Manuel Vázquez Fernández na data 01/07/2014 14:16:57

María Carmen Gallego Calvar na data 01/07/2014 14:17:09

María Remedios Quintas Álvarez na data 01/07/2014 14:17:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, Galicia perdeu un total de 14.763 habitantes a 1 de xaneiro de 2014 respecto da mesma data de 2013. Este decrecemento representa unha caída do 0,53%, fronte á media estatal do 0,47%.

Ao longo de todo 2013 entraron en Galiza 8.721 inmigrantes e emigraron 12.623 persoas. Das persoas que emigraron, 5.166 eran de nacionalidade española, mentres que 7.458 eran doutras nacionalidades. É dicir, ao longo de 2013 emigraron 2.493 persoas máis que no ano 2012, o que representa un incremento do 24,6% e supón un 71,8% máis que en 2008.

A pesar de que os expertos avisan da necesidade de manter a taxa de poboación feminina para garantir a taxa de natalidade no futuro, en case tres de cada dez persoas que se foron de Galiza en 2013 eran mulleres con idades comprendidas entre os 15 e os 49 anos, o intervalo onde o INE sitúa a idade fértil e, polo tanto, directamente relacionadas coa taxa de natalidade.

Galicia, Aragón, Asturias, Castela e León, Castela-A Mancha e Estremadura reuníronse en Mérida no III Encuentro Interterritorial por el Cambio Demográfico.

Entre os acordos adoptados inclúese:

- Solicitar á vicepresidenta do goberno, Soraya Sáenz de Santamaría, unha reunión para expoñer os graves problemas que en materia de despoboamento e dispersión.
- Solicitar ao goberno do estado a articulación dun Pacto de Estado e unha Estratexia Estatal polo Cambio Demográfico.

- Dirixirse ao Senado para pedirlle que permita a participación destas comunidades autónomas nun relatorio sobre despoboamento creado na Cámara Alta en abril.
- Crear unha plataforma na Red Europea de Regiones con Desafíos Demográficos.

Polo exposto, a deputada que subscrebe formula a seguinte Pregunta:

- 1.- Que problemas concretos de Galiza trasladará á vicepresidenta do goberno, Soraya Sáenz de Santamaría, na reunión solicitada para tratar materia de despoboamento e dispersión?
- 2.- Que propostas concretas que teñan en conta as peculiaridades do territorio galego trasladará a Xunta de Galicia a través do grupo de traballo proposto para acadar un Pacto de Estado e unha Estratexia Estatal polo Cambio Demográfico?
- 3.- Que achegas fará a Xunta na súa participación no relatorio sobre despoboamento creado na Cámara Alta en abril?
- 4.- Que obxectivos pretende a Xunta de Galicia a través da creación dunha plataforma na Red Europea de Regiones con Desafíos Demográficos?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 02/07/2014 10:51:25

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Juan Carlos González Santín e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión 2.ª, Política Territorial, Medio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O treito da estrada LU-642, que vai dende a localidade de Hospital ata a Ferrería, no concello de O Incio, presenta dende hai tempo notables deficiencias que dificultan a circulación dos vehículos e incluso poñen en grave risco a seguridade dos usuarios.

Tal é así, que o ex conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, nunha visita realizada en 2011 a este municipio, co gallo da inauguración da nova praza do consistorio e a reforma da estrada entre A Cruz e Val do Mao, expresou a vontade decidida do seu departamento de proceder á redacción do proxecto de obra no menor tempo posible.

O tempo pasou, concretamente xa transcorreron máis de 36 meses do anuncio, pero o Goberno galego aínda non iniciou os trámites para cumprir o compromiso anunciado hai tres anos perante os veciños e veciñas do municipio.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a nova conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do incumprimento do seu antecesor no cargo con respecto a esta dita estrada, unha das principais arterias de comunicación do concello do Incio?

2ª) De ser así, que previsións manexa a conselleira para cumprir o compromiso asumido en 2011 dende o departamento que dirixe sobre esta infraestrutura?



Grupo Parlamentario

3ª) Ten previsto iniciar a redacción do proxecto no ano en curso para poder licitar as obras antes de que remate 2014?

4ª) Cando estará rematado o arranxo do dito tramo da estrada LU-642?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 02/07/2014 09:48:06

Juán Carlos González Santín na data 02/07/2014 09:48:21

Raúl Fernández Fernández na data 02/07/2014 09:48:31

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Antonio Mouriño Villar, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Piñeiro Martínez, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, María Dolores Faraldo Botana e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión.

Coa finalidade de dar cumprimento á Directiva Europea 1199/70/CE que establece que non se poderá tratar aos traballadores cun contrato de duración determinada de maneira menos favorable que os traballadores fixos comparables, e co obxecto de seguir diferentes sentenzas que teñan fixado xurisprudencia no eido de evitar a discriminación entre os funcionarios interinos e os permanentes, a Consellería de Cultura, Educación e OU, mediante orde de outubro de 2013, convocou concurso de traslados aos corpos docentes non universitarios, no que se da a mesma consideración cuantitativa aos méritos aportados a profesorado interino e permanente,

Dito concurso foi obxecto de contencioso-administrativo e, a finais de xuño de 2013, o xulgado nº 2 de Santiago de Compostela anulou parcialmente dito procedemento.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Que decisións vai tomar a Consellería en relación coa recente sentenza xudicial?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Román Rodríguez González na data 02/07/2014 12:23:48

Antonio Mouriño Villar na data 02/07/2014 12:24:13

Moisés Blanco Paradelo na data 02/07/2014 12:24:20

María Soledad Piñeiro Martínez na data 02/07/2014 12:24:33

Agustín Baamonde Díaz na data 02/07/2014 12:25:01

Hipólito Fariñas Sobrino na data 02/07/2014 12:25:12

María Dolores Faraldo Botana na data 02/07/2014 12:25:19

Javier Dorado Soto na data 02/07/2014 12:25:25

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, advertido erro nos documentos con número de rexistro 24711 e 24712, solicita que se realice a seguinte corrección:

Onde di: “ ..., a finais de xuño de 2013”

Debe dicir: “..., a finais de xuño de 2014”

Santiago de compostela, 2 de decembro de 2013

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/07/2014 13:42:08

Román Rodríguez González na data 02/07/2014 13:42:27

Antonio Mouriño Villar na data 02/07/2014 13:42:35

Moisés Blanco Paradelo na data 02/07/2014 13:42:40

María Soledad Piñeiro Martínez na data 02/07/2014 13:42:53

Agustín Baamonde Díaz na data 02/07/2014 13:43:26

Hipólito Fariñas Sobrino na data 02/07/2014 13:43:37

María Dolores Faraldo Botana na data 02/07/2014 13:43:46

Javier Dorado Soto na data 02/07/2014 13:43:50



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á defensa da continuidade das cooperativas de crédito e caixas rurais.

No Estado Español hai 63 entidades de crédito cooperativo, das cales 59 son caixas rurais, que representan no seu conxunto arredor do 5% dos activos do sector financeiro.

Dos tres modelos que existían (banca, caixas de aforros e cooperativas de crédito), as cooperativas de crédito foron as únicas que non precisaron de axudas públicas durante a crise económica. Despois da práctica desaparición das caixas de aforro, estas entidades convertéronse na única alternativa á grande banca, sendo en moitos casos un exemplo de banca local enraizada e socialmente responsábel fronte ás prácticas especulativas de “casino” da grande banca.

O pasado 13 de xaneiro o Ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos, anunciou no Congreso dos Deputados “unha actualización do réxime xurídico das cooperativas de crédito”. Segundo diversas informacións, a pretensión do Goberno español é forzar a concentración do sector e a súa bancarización.

En distintas comunidades autónomas estanse erguendo voces contra este deseño e mesmo en Extremadura, comunidade gobernada polo Partido Popular, aprobouse unha modificación da Lei de Crédito Cooperativo de Extremadura “*para impedir que intereses ajenos puedan hacer desaparecer las cajas rurales o condicionar nuestras entidades*”. Nesa modificación contéplase, entre outras cuestións, que calquera



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operación de fusión, excisión e transformación, así como de integración desas entidades, debe someterse á autorización do Consello de Goberno de Extremadura.

O deseño que contempla o Goberno Central suporía a definitiva consolidación dun modelo de banca comercial de grandes dimensións, fortemente concentrado e de características oligopolistas, que provocaría un grave prexuízo para preservar o pouco que queda en Galiza dun sistema financeiro propio, e do que resultarían especialmente prexudicados os consumidores e as consumidoras, acentuando as súas dificultades de acceso a crédito e a servizos financeiros básicos.

Por todo o devandito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión, relativa á defensa da continuidade das cooperativas de crédito e caixas rurais:

Qué medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para defender a continuidade das cooperativas de crédito e caixas rurais existentes en Galiza?.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2014 12:40
Nº Rexistro: 24716
Data envío: 02/07/2014 12:40:18.355



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 02/07/2014 12:39:59

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, membro do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa á situación dos xulgados de Betanzos.

De resultas da denuncia dun sindicato de clase coñecemos unha circunstancia lamentable que acaece nun xulgado de Betanzos: o servizo de limpeza do xulgado número 1 que se presta de xeito directo por parte da administración galega está sen funcionar dende hai 15 días, logo de se pór de baixa a traballadora que o efectuaba.

A non cobertura deste servizo público deixa ao xulgado nunha situación de falla de hixiene lamentable e que compromete a saúde pública, toda vez que o lixo acumúlase en grandes bolsas polos pasillos e iso grazas ao labor dos propios traballadores e traballadoras da administración de xustiza.

Dado que o servizo de limpeza xa está privatizado no que fai aos xulgados 2,3 e 4, quizabes a Xunta esté a ensaiar a privatización do servizo no número 1 pola vía de acumular lixo que non razóns. En todo caso atopámonos diante dunha negligente actuación da consellaría.

En atención ao referido, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que razóns ten a Xunta para provocar esta situación de falla de limpeza nunha dependencia pública que provoca un risco para a saúde pública?
- Cando agarda a Xunta poder solventar a moi complexa cobertura dunha baixa?
- A negligente deixación da Xunta é o prólogo da privatización do servizo de limpeza do xulgado número 1 de Betanzos?

Compostela, 2 de xullo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 02/07/2014 12:01:13

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce, Vicente Docasar Docasar e Marisol Soneira Tajés, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A Asociación de Mulleres Deportistas de Galicia vén de celebrar a III Gala do Deporte Feminino de Galicia.

Gala na que se premiaron non só arbitras e destacadas deportistas galegas senón tamén empresas, concellos e adestradores que apoiaron e pelexaron polo deporte feminino.

Por iso sorprende a ausencia total no evento da Administración autonómica que ten a obriga e o compromiso de apoiar e potenciar todo o deporte galego e moi especialmente o deporte feminino.

É verdade que a Gala se celebrou no concello do Porriño nun momento no que o alcalde da localidade, por certo tamén do Partido Popular, pasa por serias dificultades, pero ata algunha das mulleres premiadas e molestas fixéronse eco da ausencia do secretario xeral para o Deporte.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión.

Por que razón a Administración autonómica non participou na III Edición da Gala do Deporte Feminino de Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de xullo de 2014



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 02/07/2014 12:24:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce na data 02/07/2014 12:24:23

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 02/07/2014 12:24:35

María Soledad Soneira Tajés na data 02/07/2014 12:24:51

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar, Abel Losada Álvarez, José Manuel Gallego Lomba e María Quintas Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

As enfermidades reumatolóxicas en idade pediátrica estanse abordando de diferentes formas segundo o lugar onde resida a persoa.

Mentres unhas CC.AA dispoñen de unidades reumatolóxicas infantís outras coma Galicia non. E mentres nalgunhas áreas sanitarias se conta con pediatras formados en reumatoloxía noutras tampouco, aínda que se traten de áreas con centros hospitalarios de referencia en Pediatría.

Afortunadamente na Área de Vigo, referente para toda a provincia de Ourense e Pontevedra, contábase ata o de agora cunha subespecialidade dentro do Servizo de Pediatría con dúas persoas formadas e atendendo as enfermidades reumáticas na infancia, ademais cuns resultados moi satisfactorios para as persoas afectadas e as súas familias.

Lamentablemente, e dende hai uns meses, os usuarios e usuarias topan demoras e están tendo dificultades para obter unha cita con algún deses facultativos, algo que esas familias están vivindo cunha gran preocupación.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Cales son as razóns para as demoras nas consultas de Pediatría Reumatolóxica no Complexo Hospitalario de Vigo?



Grupo Parlamentario

2ª) Vaise suprimir unha das consultas precisamente agora que se acaba de incorporar a provincia de Ourense a esa área como referencia en Pediatría?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Considera o Goberno suficiente un só pediatra especializado en Reumatoloxía para a atención da poboación infantil da Área de Vigo e as súas áreas de referencia?

4ª) Considera o Goberno suficiente a dotación de pediatras especializados en Reumatoloxía para a atención de toda a poboación infantil galega?

5ª) Considera que estes recursos humanos están equitativamente repartidos por todo o territorio galego?

Pazo do Parlamento, 1 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 02/07/2014 12:28:24

María Carmen Gallego Calvar na data 02/07/2014 12:28:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/07/2014 12:28:47

José Manuel Gallego Lomba na data 02/07/2014 12:29:06

María Remedios Quintas Álvarez na data 02/07/2014 12:29:28

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Segundo o Goberno Feijoo a creación das áreas integradas era a solución ideal para conseguir unir os dous niveis da atención sanitaria.

Por outra banda, Feijoo afirma que vai implantar o copago/repago os fármacos de dispensa ambulatoria nas farmacias hospitalarias para equiparalos cos das farmacias.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Pode con toda esta integración prescribir fármacos da farmacia hospitalaria pero de dispensa ambulatoria unha persoa que traballe en Atención Primaria sexa pediatra, médico ou médica de Familia?

2ª) De non ser así, cales son as razóns?

3ª) Esta obrigado o persoal médico de primaria a modificar os tratamentos dos seus pacientes para adaptalos á dispensa da farmacia hospitalaria ás Residencias da terceira idade, de ser así por quen?

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2014



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 02/07/2014 12:43:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Gallego Calvar na data 02/07/2014 12:43:24

María Remedios Quintas Álvarez na data 02/07/2014 12:43:29



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás actuacións do Goberno Galego para solucionar o problema de miles de pequenos/as aforradores/as estafados/as pola comercialización fraudulenta de participacións preferentes.

Na Galiza as antigas Caixas de Aforro colocaron produtos híbridos a 77194 clientes, na súa inmensa maioría pequenos/as aforradores/as. Menos de 40.000 recuperaron o 100% do seu diñeiro, ficando aínda 37.960 afectados e afectadas que non recuperaron nada ou só unha parte dos seus aforros.

Dos 1.831 millóns de Euros vendidos en preferentes e subordinadas entre as dúas caixas, só 496 millóns foron recuperados pola vía da arbitrase e, despois do proceso de canxe obrigatorio, fican aínda por recuperar 502 millóns de euros.

Segundo os datos deste Grupo Parlamentar, quedaron 26.900 solicitudes de arbitrase sen resolver, e a reapertura da arbitrase anunciada polo Presidente da Xunta ficou reducida á posibilidade ofertada por Novagalicia Banco de chegar a acordos extraxudiciais cos demandantes. Até agora só houbo 1.813 acordos extraxudiciais, dun total de 5.749 demandas presentadas.

No proceso de venda de Novagalicia Banco, o FROB comprometeuse a sufragar 85% das devolucións de preferentes e subordinadas resultantes de sentenzas xudiciais ou acordos extraxudiciais, mais o Director Xeral do FROB, o Sr. Antonio Carrascosa, manifestou que se Novagalicia Banco quere dispoñer



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deses cartos, poderían ser consideradas axudas de Estado e habería que solicitar autorización de Bruxelas.

Ademais novas incertezas sementan dúbidas sobre a resolución xusta dos casos pendentes. Dunha banda, o proceso de trasacordos xudiciais está practicamente paralizado e doutra o FROB está recorrendo sistematicamente as sentenzas favorábeis aos/ás demandantes.

Por todo o devandito formúlanse as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- Como valora a Xunta de Galiza os resultados dos acordos extraxudiciais entre Novagalicia Banco e os/as demandantes?
- Como valora a Xunta de Galiza que o proceso de trasacordos entre Novagalicia Banco e os/as demandantes estea case paralizado?
- Como valora a Xunta de Galiza as manifestacións do Sr. Antonio Carrascosa, Director Xeral do FROB, afirmando que se Novagalicia Banco quere dispoñer do diñeiro que o FROB se comprometeu a reservar para sufragar o 85% das devolucións de preferentes e subordinadas resultantes de sentenzas xudiciais ou acordos extraxudiciais, estes cartos poderían ser consideradas axudas de Estado e habería que solicitar autorización de Bruxelas?
- Como valora a Xunta de Galiza que o FROB estea recorrendo sistematicamente as sentenzas favorábeis aos/ás demandantes?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Qué medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para asegurar a devolución íntegra dos seus aforros aos preto de 38.000 afectados/as pola comercialización de participacións preferentes e obrigacións subordinadas que aínda non recuperaron, sexa na súa totalidade ou en parte, os seus aforros?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 02/07/2014 13:10:14



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Eladio Pombo Rodríguez, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta pasa a súa resposta oral en Comisión**, relativa á sentenza que anula parcialmente a convocatoria do Concurso de Traslados.

A Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anunciou o pasado 30 de xuño que acatará a sentenza do xulgado número 2 do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela que anula parcialmente a Orde de 16 de outubro de 2013 pola que se convoca concurso de traslados para o persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación.

Esta sentenza obrigará a baremar de novo a milleiros de funcionarios que terán que agardar por unha nova resolución da consellería; nova resolución que poderá supoñer o cambio de destino no vindeiro curso para centos de funcionarios.

O Grupo Parlamentar do BNG lamenta que unha nova sentenza xudicial contradiga á Consellería de Educación e provoque un grave quebranto a numeroso profesorado, tanto ao que acadou unha praza mediante este concurso, como a quen se considera prexudicado polas modificacións acometidas no baremo pola Consellaría.

O G.P. do BNG lamenta profundamente que máis de mil docentes que obtiveron destino definitivo no concurso, a día de hoxe non saben cal será o seu destino o vindeiro 1 de setembro; descoñecen onde buscar vivenda, onde matricular @s fill@s nos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centros..., situacións persoais nalgúns casos irresolúbeis. Esta situación que vai ter un efecto dominó en todo o profesorado desprazado, suprimido, provisional, comisións de servizo, interinos e substitutos; colectivos que van ver truncadas as súas expectativas.

O GP do BNG considera unha irresponsabilidade máis, unha grave irresponsabilidade, que a Consellaría de Educación tomase unilateralmente a decisión de convocar este Concurso de Traslados no que participaron arredor de 8.000 profesores/as en base a unha normativa que xerou controversia desde o primeiro momento, en tanto que xa había convocatorias do concurso de traslados que estaban recorridas ante o Tribunal Supremo.

Unha vez máis a Consellería de Educación actúa dun xeito unilateral, sen escoitar á comunidade educativa, sen atender ás propostas da representación dos traballadores, provocando o enfrontamento entre colectivos; unha vez máis a xustiza obrigou á Consellería a anular unha decisión unilateral.

O G.P. do BNG entende que esta situación foi provocada pola actitude negligente dos responsables da Consellería de Educación, os únicos responsábeis de que todo o profesorado que participou no Concurso Xeral de Traslados estea a vivir na incerteza, sen coñecer o seu destino para o vindeiro curso, a menos de dous meses de comezar o novo curso escolar.

Polo exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- É consciente a Xunta de Galiza do grave quebranto para unha parte moi importante [d@s](#) participantes no Concurso Xeral de Traslados?

2.- A cantas persoas afectarán os cambios da nova baremación do Concurso de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Traslados?

3.- Cando estará resolta a nova baremación? Cando haberá unha nova resolución definitiva do concurso de traslados? Cando se coñecerán os destinos definitivos dos profesorado provisional e interino?

4.- Como pensa asumir, o Goberno galego, as responsabilidades políticas pola nefasta xestión deste Concurso Xeral de Traslados?

5.- Como pensan resarcir os danos causados ao profesorado afectado polo concurso xeral de traslado; profesorado que tomou decisións en función da resolución dun concurso xeral que resultou anulado (en parte) mais que causou prexuízos, de tipo profesional e mesmo de tipo económico?

6.- Cando pensa dimitir o Sr. Conselleiro ante a gravidade duns feitos tomados unilateralmente pola consellería e que prexudicarán a milleiros de funcionari@s?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014

Asdo.: **Cosme Eladio Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 02/07/2014 13:33:49

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Antonio Mouriño Villar, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Piñeiro Martínez, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, María Dolores Faraldo Botana e Javier Dorado Soto, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión.

A implementación en Galicia do EEES (Plan Bolonia), trouxo consigo a reorganización do mapa de titulacións. Dun xeito consensuado a Xunta de Galicia, xunto coas universidades do SUG plantexaron a reordenación da oferta docente a fin de conquistar un modelo racional e competitivo orientado a millorar dun xeito integral o conxunto da sociedade galega.

Neste proceso xorde a substitución da entón Licenciatura de Física do Campus de Ourense da Universidade de Vigo por unha nova titulación de grao de Ciencias Ambientais, tendo en conta a dinámica da matrícula e o potencial de crecemento da segunda respecto da primeira.

Tal decisión é avalada por unanimidade polo Consello Galego de Universidades. A partires deste momento un grupo de profesores da extinta Licenciatura de Física comezan un proceso de reivindicación de mantemento de dita titulación no Campus de Ourense.

Para a implementación dunha nova titulación o procedemento consiste en que a Universidade, neste caso a de Vigo, o solicita e posteriormente a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) emite un informe respecto á pertinencia e viabilidade da súa posta en marcha, que enviará ao Consello estatal de Universidades. Trátase por tanto dunha decisión que se mantén no ámbito da autonomía universitaria e responde a criterios

obxectivos e de interese xeral, que segue un procedemento establecido.

A ACSUG ten a obriga de emitir un informe relativo á pertinencia, ou non, do plano de estudos da titulación que será determinante para calibrar a oportunidade da posta en marcha desta oferta docente.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas:

1.- Cal é o procedemento a seguir pola Xunta de Galicia unha vez se coñeza o informe da ACSUG no caso da Enxeñería Física do Campus de Ourense?

2.- Que información ten a Xunta sobre fundamentos que manexou a Universidade de Vigo no seu momento para afrontar a substitución da Licenciatura de Física pola titulación de Ciencias Ambientais dentro da oferta docente do Campus de Ourense?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Román Rodríguez González na data 02/07/2014 13:11:52

Antonio Mouriño Villar na data 02/07/2014 13:12:06

Moisés Blanco Paradelo na data 02/07/2014 13:12:11

María Soledad Piñeiro Martínez na data 02/07/2014 13:12:30

Agustín Baamonde Díaz na data 02/07/2014 13:12:39

Hipólito Fariñas Sobrino na data 02/07/2014 13:12:47

María Dolores Faraldo Botana na data 02/07/2014 13:12:55

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Javier Dorado Soto na data 02/07/2014 13:13:00

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao acceso a un establecemento comercial de Mercadona no Parque Empresarial de Cee.

Nas últimas semanas transcendeu que SEA (Suelo Empresarial del Atlántico) vai realizar un investimento de máis de 700.000 Euros para construír novos accesos no Parque Empresarial de Cee para dar servizo a un futuro establecemento comercial da firma Mercadona.

En concreto, o novo acceso terá como finalidade permitir unha entrada máis directa ao novo establecemento comercial. Ademais da conexión coas estradas, levarase a cabo un tramo de vía interior no parque empresarial, de preto de 300 metros de lonxitude.

O proxecto sectorial prevé que SEA S.L. realice un investimento de 739.700 euros (IVE incluído) para o novo acceso do parque empresarial. A licitación da vía xa foi autorizada polo Consello de Administración de SEA, polo que se vai levar a cabo de forma inmediata e estará finalizado antes do remate do ano que ven.

Cómpre lembrar que SEA S.L. é unha empresa mixta que ten por obxecto desenvolver parques empresariais en Galiza, e está participada nun 85% polo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ministerio de Fomento a través de SEPES e nun 15% pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galiza, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Por tanto, estamos falando dunha empresa pública que vai acometer un importante investimento para satisfacer exclusivamente as necesidades dunha empresa privada, proporcionándolle un acceso máis directo.

Dase a circunstancia, ademais, de que en Cee xa están implantados outros grandes supermercados como Eroski, Gadis e Dia. É dicir, con fondos públicos estase incentivando a implantación de novas superficies comerciais que van acelerar a destrución do tecido comercial local. Ademais, con este investimento estase favorecendo a un competidor doutras superficies comerciais, que non se beneficiaron de ningún investimento público cando se implantaron.

Por todo o devandito, fórmulanse as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

-Por qué SEA, SL realiza un investimento de máis de 700.000 Euros para proporcionar un acceso máis directo ao establecemento comercial de Mercadona que se implantará no Parque Empresarial de Cee?

-Non considera a Xunta de Galiza que con este investimento estanse a usar fondos públicos para incentivar a implantación dunha nova superficie comercial?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Non considera a Xunta de Galiza que a implantación desta superficie, a sumar ás xa existentes, vai acelerar a destrución do tecido comercial local?

-Non considera a Xunta de Galiza que con este investimento estase favorecendo a un competidor doutras superficies comerciais que non se beneficiaron de ningún investimento público cando se implantaron?

-Vai dar instrucións a Xunta de Galiza ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para que se reconsidere esta actuación?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada e Viceportavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputado e Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/07/2014 13:20:59

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 02/07/2014 13:21:05



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa á práctica do “bunkering” no Porto Exterior de Punta Langosteira en A Coruña.

Denomínase bunkering a unha actividade de repostaxe consistente na subministración e transvase de combustíbel de barco a barco en fondeo, a través de buques cisterna que fan de gasoleiras flotantes.

Trátase dunha actividade económica sen as garantías medioambientais suficientes, pois comporta un risco importante de que se produzan verquidos , razón pola que as asociacións ecoloxistas teñen demandado a prohibición desta práctica. De feito o Estado Español denunciou esta práctica en augas de Xibraltar.

Porén en 2013, produciuse unha forte polémica ante a posibilidade de que puidesen operar gasoleiras flotantes na Ria de Ferrol, e o 12 de decembro de 2013 o Porto Exterior de Punta Langosteira en A Coruña, acolleu a primeira operación de subministración de combustíbel en fondeo.

A gabarra Monte Arucas de Cepsa foi a encargada da operación de subministración ao mercante Siegedijk. A operación durou unhas catro horas.

Esta operación, segundo noticias recollidas na prensa, demostraba que o Porto Exterior se consolida como alternativa para que os mercantes que navegan fronte ás nosas costas poidan repostar sen ter que ir facelo a Canarias ou a Xibraltar.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En xaneiro, e en pleno temporal, accederon á dársena dous mercantes entre os días 3 e 5 de xaneiro tamén para repostar. Esta práctica lévase a cabo nunha lámina de auga protexida polo dique de Langosteira.

Hai que lembrar que nesa zona comeza o Lugar de Interese comunitario (LIC) da Costa da Morte. A día de hoxe descoñecemos que tipo de autorización ten a instalación para realizar ese tipo de prácticas, pois hai que lembrar que a obra do Porto Exterior non está rematada.

Por todo o devandito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza da realización de actividades de subministración e transvase de combustíbel en fondeo no Porto Exterior de Punta Langosteira?

-Ten o Porto Exterior de Punta Langosteira autorización para a realización deste tipo de prácticas?

-Cantas operacións deste tipo leváronse a cabo?

-Considera a Xunta de Galiza que é lóxico que o Goberno Español denuncie estas prácticas en augas de Xibraltar e as permita en Galiza en Portos de Interese Xeral do Estado?

-Qué medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para evitar a práctica do bunkering en augas galegas e en particular en Punta Langosteira?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai dirixirse a Xunta de Galiza ao Goberno do Estado?

-Vai esixir a Xunta de Galiza a prohibición destas prácticas?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

María do Carme Adán Villamarín

Deputadas do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 02/07/2014 13:23:27

María do Carme Adán Villamarín na data 02/07/2014 13:23:33

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 02/07/2014 13:23:37



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Eladio Pombo Rodríguez e Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os Centros de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte e Lourizán veñen ofertando cursos de ensinanza regrada, nomeadamente ciclos formativos de grao medio e superior, co obxectivo de responder ás necesidades formativas da poboación galega relacionada con actividades agrogandeiras, forestais e de posta en valor do medio rural.

Estes centros dependen da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Na opinión do Grupo Parlamentar do BNG, o Goberno galego debe potenciar estes centros formativos por seren referenciais para o desenvolvemento do sector agrogandeiro, forestal, do viño, da horta, etc.. O BNG entende que potenciar a formación do sector é fundamental para facer posíbel o deseño de plans de desenvolvemento socioeconómico coordinado entre distintas consellerías, como único xeito de frear e reverter o proceso de despoboamento do rural, fomentando actividades económicas que permitan fixar poboación, aproveitando os recursos da terra e facer posíbel un futuro para o noso país.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando Galiza sofre unhas cotas de paro nunca vistas, cando as cotas de paro da mocidade resultan insoportábeis, cando a emigración semella a única saída para moitos/as galegos/as cumpría un grande esforzo por parte do Goberno galego a prol da vida rural e a prol da formación.

Lamentabelmente, o Goberno galego leva 5 anos aplicando recortes continuados nos servizos públicos fundamentais, nomeadamente no deterioro da educación pública.

Estes recortes públicos significan menos profesorado, menos recursos económicos para estes CFEA, menos ofertas de ciclos formativos e menos oportunidades de formación nestes centros públicos; o camiño perfecto para encamiñar ao alumnado potencial de cara á oferta do ensino privado.

O Grupo Parlamentar do BNG non comprende como se pode suprimir o ciclo formativo superior de “Xestión e Organización de empresas Agropecuarias” que se viña ofertando no CFEA de Sergude, non comprende que se elimine unha importante oferta formativa pública con demanda na Galiza, non comprende que se elimine este Ciclo Superior (Cando en toda Galiza era o único ofertado por un centro público).

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.- Cal foi a razón para a eliminación do ciclo superior de Xestión e Organización de empresas Agropecuarias no CFEA de Sergude?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- É consciente o Goberno galego da demanda deste ciclo superior no noso país?

3.- Coñece o Goberno galego a algún outro centro que oferte este ciclo na Galiza?

4.- Estaría o Goberno galego disposto a volver ofertar este ciclo Superior no caso de existir demanda?

5.- Que previsións de futuro ten o Goberno galego para os CFEA?

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2014

Asdo.: **Cosme Eladio Pombo Rodríguez**

Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 02/07/2014 14:05:14

María Tareixa Paz Franco na data 02/07/2014 14:05:21

Á Mesa do Parlamento

Ángel Camino Copa, Román Rodríguez González, Jaime Castiñeira Broz, Santiago Freire Abeijón, Alejandro Gómez Alonso, Antonio Mouriño Villar, Enrique Novóa López, Daniel Varela Suanzes – Carpegna e Francisco Santos Regueiro--Comisión-- deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación territorial, obras públicas , medio ambiente e servizos.

Aínda tendo constancia do esforzo que a Xunta de Galicia está a facer para a continuación das obras na estrada LU-641 dende o Val do Mao (O Incio) a Castroncán (Samos), existen tamén outros puntos da rede viaria autonómica que, ao seu paso polo concello lucense de O Incio, precisan dunha atención urxente o que implicaría un esforzo adicional da administración autonómica.

En concreto, os treitos das estradas LU-642, dende o PK 2,1 ata o 8,2 en Goo así como dende a Igrexa de O Hospital ata a Ferrería do Incio e a LU-653, dende o núcleo de O Hospital en dirección ao concello da Pobra de Brollón, presentan unha situación de deterioro como consecuencia do paso do tempo, do impacto das inclemencias ambientais e da circulación habitual de vehículos.

Por todo iso, cómpre desenvolver as obras de acondicionamento e mellora da capa de rodadura destas vías, nos tramos indicados, executando as tarefas que técnica e orzamentariamente sexan posibles, dentro das actuacións propias do mantemento das estradas autonómicas.

É notorio que o Goberno galego vén desenvolvendo diversas iniciativas de mellora da rede viaria, de xeito que redunden moi especialmente no incremento da seguridade –obxectivo prioritario neste caso- e melloren as condicións de desprazamento da

poboación, coa finalidade de facilitar unha maior calidade de vida aos veciños e veciñas e dos usuarios que por elas poidan circular.

En relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta:

Que actuacións se teñen previsto executar nos tramos descritos con anterioridade, correspondentes ás estradas LU-642 e LU-653, ambas as dúas de titularidade autonómica?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Angel Camino Copa na data 03/07/2014 10:25:26

Román Rodríguez González na data 03/07/2014 10:25:41

Jaime Castiñeira Broz na data 03/07/2014 10:26:36

José Santiago Freire Abeijón na data 03/07/2014 10:27:20

Alejandro Gómez Alonso na data 03/07/2014 10:27:47

Antonio Mouriño Villar na data 03/07/2014 10:28:15

Enrique Nóvoa López na data 03/07/2014 10:28:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 03/07/2014 10:28:41

Jose Francisco Santos Regueiro na data 03/07/2014 10:28:50



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela, Cosme Pombo Rodríguez, Montserrat Prado Cores, María Tereixa Paz Franco, María do Carme Adán Villamarín, Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP en inglés).

A Unión Europea (UE) e os Estados Unidos de América (EEUU) están negociando, de costas á cidadanía e aos seus representantes políticos, un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos laborais, medioambientais e de saúde, antepoñendo o interese comercial dos investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación dos mesmos ás empresas transnacionais, así como ás compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a capacidade dos/as representantes elixidos/as para administrar libremente as súas comunidades e promocionar a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social, e ignoran calquera lexislación europea, estatal ou autonómica. Deste xeito, as distintas comunidades políticas atópanse elas mesmas dominadas por axustes



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estruturais restritivos debido aos acordos e as políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes públicos para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego.

O Parlamento de Galiza ten o deber de pronunciarse sobre os contidos desta negociación pois afectará de cheo á nosa capacidade de decidir sobre aspectos económicos esenciais para o país, como son a prestación de servizos públicos básicos. Insírese ademais no contexto dun modelo de globalización que ataca directamente os alicerces da democracia, ao situar por riba das nacións e dos pobos decisións transcendentais no eido económico que condicionarán o benestar das persoas. Desde esa perspectiva, a oposición vén fundamentada non só polo negativo impacto que para as maiorías sociais de Galiza causaría a aplicación do TTIP senón polo ataque directo que supón para exercer a nosa soberanía, a capacidade de decidir desde Galiza e en función dos nosos intereses sobre as cuestións económicas fundamentais.

Considerando que:

O comercio e o investimento somentes poden conducir a intercambios económica e socialmente beneficiosos se respectan as necesidades humanas en todo lugar, e non se basean no beneficio dos especuladores financeiros e das empresas multinacionais.

A eliminación programada e progresiva dos servizos públicos conduce, ao mesmo tempo, á eliminación programada e progresiva da solidariedade e a democracia.

A apertura máxima dos servizos e as compras públicas á competencia produce efectos contraproducentes en canto á súa accesibilidade, a súa calidade e o seu custo.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os dereitos sociais son dereitos inalienábeis, polo que non poden depender exclusivamente da lóxica do mercado.

Só a existencia diversificada de servizos públicos socialmente útiles, permite asegurar unha calidade de vida digna para todos/as e en todas partes, en estreito nexo co exercicio real da democracia.

O control público debe preservarse para garantir o acceso aos bens comúns e á creación de novos servizos públicos, así como para favorecer a industria e emprego locais.

Os contidos desta negociación afectan á capacidade de decidir de Galiza sobre aspectos económicos esenciais para o país, como son a prestación de servizos públicos básicos.

Diante disto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión, relativas ao Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP en inglés):

-É coñecedora a Xunta de Galiza das negociacións en curso entre os EEUU e a Unión Europea?

-Mantenna informada o Goberno Español?

-Non considera a Xunta que os contidos desta negociación afectan de cheo á capacidade de decidir de Galiza sobre aspectos económicos esenciais para o país, como son a prestación de servizos públicos básicos?

-Vai oporse a Xunta de Galiza ao TTIP?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai solicitar a suspensión das negociacións?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2014

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Cosme Pombo Rodríguez

Montserrat Prado Cores

María Tereixa Paz Franco

María do Carme Adán Villamarín

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputados e deputadas do Grupo Parlamentar do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 03/07/2014 12:43:17

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 03/07/2014 12:43:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/07/2014 12:43:28

María Tereixa Paz Franco na data 03/07/2014 12:43:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 03/07/2014 12:43:33

Ana Belén Pontón Mondelo na data 03/07/2014 12:43:39

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 03/07/2014 12:43:43



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa ás inversións da Xunta en Factoría Naval.

O 18 de febreiro de 2010 Factoría Naval de Marín presentaba o seu primeiro concurso de acredores, sometido a unha débeda aproximada de 57 millóns de euros. Aquel primeiro concurso acabou convertido en concurso no mes de xuño de 2012, e un mes despois pechábase o acordo cos acredores que permitía a viabilidade da Factoría, previa asunción destes dun 33% de quita do total da débeda.

Un ano despois, a empresa volvía presentar o segundo concurso por falta de liquidez, conseguindo endereitar de novo a situación, con un novo acordo desta vez entre Xunta, acredores e entidades financeiras, logrando pechar un novo acordo en setembro dese mesmo ano coa reportación de outros 16 millóns de euros por parte da administración galego o que sumaba un total de 23 millóns de euros, e logrando que a maioría dos acredores cobraran a finais do 2012.

Daquela o apoio da Xunta garantira a viabilidade da empresa, permitía abandonar a situación de concurso de acredores para volver a competir no mercado das reparacións e sobre todo comprometía o seu seguimento quincenal ao cumprimento do Plan de viabilidade e ata prometía o mantemento de reunións bimensuais cos traballadores.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daquela o conselleiro Javier Guerra poñía como exemplo de como se pode resolver un conflito e eloxiaba o papel do Igape e de Xesgalicia como demostración de para que serven estes dous instrumentos en momentos tan delicados. Con este acordo o estaleiro quedaba con certa liquidez para continuar a súa viabilidade, e aínda que non concretaba a cantidade económica que se inxectou a empresa, o conselleiro afirmaba ser suficiente para que funcionara.

Comezaba unha nova etapa co apoio da Xunta, os provedores, as entidades financeiras e os traballadores. Ata os representantes sindicais afirmaban ter certa confianza e convidaban á Xunta a estar vixiantes.

Despois de prescindir de 35 operarios, a empresa quedaba con 27 traballadores e reiniciou a actividade en decembro de 2012, conseguindo unha carteira de clientes propia a partir do primeiro trimestre de 2013, nun intento de cumprir o plan de viabilidade pactado e eludir o segundo proceso concursal, ata que no mes de xuño de 2014 volveu entrar en concurso de acredores.

A terceira vez en catro anos nun intento, unha vez máis, de chegar a acordos, desta vez coa banca acreedora. A empresa ven de solicitar un novo precurso coa intención de chegar a un acordo cos bancos e poder seguir co seu plan de viabilidade. Tamén ven de presentar un Expediente de Regulación de Emprego, que desta vez afecta os 23 traballadores que compoñen a actual plantilla e pretenden que teña unha duración de 12 meses. Nestes momentos os principais acredores son Bankia e Abanca, entidades coas que se pretende chegar a negociar para realizar unha quita. Na actualidade Factoría Naval sostén unha débeda de máis de 70 millóns de euros, cunha facturación que non acaba o mínimo para facerlle fronte a situación de debeda.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha situación altamente preocupante, onde a Xunta de Galiza tivo un protagonismo principal a través do Igape e de Xesgalicia e a día de hoxe, o único claro é a escasa actividade e que o conxunto dos traballadores acabaron na casa.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta en comisión:

1.- Cantos cartos investiu a Xunta de Galiza en Factoría Naval, en que condicións os investiu e cales son os compromisos desta?

2.- Como é posible que con unha intervención pública de tal dimensión, a día de hoxe esteamos igual que hai catro anos e o Goberno galego non fiscalice, nin dirixa as accións pertinentes para recuperar a carga de traballo e a actividade dos traballadores e das empresas auxiliares?

3.- Cantas veces máis se investiu en Factoría Naval, que na compra que realizou Pemex para facerse cargo do 51% de H.J. Barreras?

4.- Ten previsto a Consellaría de Traballo e Benestar aprobar o ERE proposto pola propia empresa? Non era un dos requisitos para recibir apoio por parte da Xunta de Galiza o mantemento dos postos de traballo

5.- Que foi da querela presentada pola Avogacía do Estado, que seguimento está a realizar a Xunta da mesma?

6.- Está en risco recuperar os créditos e avales do Igape e de Xesgalicia? Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galiza para recuperar os recursos investidos?

7.- Por que se lle deu as costas a posibilidade de xestión por parte dos traballadores ou a un maior control da administración autonómica? Quen vai reclamar responsabilidades por esta nova situación?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8.- Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para esixir responsabilidades a aqueles xestores que non cumpriron os acordos firmados coa Xunta de Galiza e fixeron un uso abusivo da súa condición de directivos?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 03/07/2014 13:17:48

María do Carme Adán Villamarín na data 03/07/2014 13:17:54

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Eva Solla Fernández e María Consuelo Martínez García, deputadas do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa a incorporación da prostitución na contabilidade do PIB.

Nada é suficiente para atallar o déficit e acadar o santo graal da estabilidade orzamentaria e para elo todo é mercadoría susceptible de se realizar no mercado global da infamia, incluso as persoas, as mulleres e as crianzas primeiro. Así están as cousas. Non atopa límites que respectar a contabilidade tan economicista como tramposa da Troika, que de xeito colaboracionista aplican os gobernos dese Vichy global que se configura na Europa do euro.

O regulamento da Comisión Europea e as recomendacións da oficina estatística comunitaria van provocar un mentireiro e falaz incremento da riqueza ao contabilizar o impacto económico das drogas e a prostitución. A normativa SEC 2010 incorporará á contabilidade do PIB actividades como o negocio da droga ou a violencia da prostitución a partires do vindeiro ano.

Quizabes a incorporación estatística destes rubros indique as liñas de innovación e desenvolvemento propostas polo goberno central para achegar un cambio de modelo de produción. Xa que o PP non avoga pola creación dun tecido industrial público, xa que se desbota a creación dunha banca pública, xa que desatende as razóns de emprego e sustentabilidade para fomentar a investigación e o desenvolvemento... xa que esas cuestións correspóndenlle na división internacional do traballo ao bloque de Estados hexemonizados pola Alemaña do euro, o PP fainos descender outro chanzo para reducirnos máis aínda á condición de provedores de servizos de baixo valor engadido tinguidos nestes casos de violencia, enfermidades e mafias.

As cifras coas que contan adubar a cantilena da recuperación económica farían aumentar esa contabilidade do PIB e segundo estimacións do INE podería oscilar entre o 2,7%-4,5%. Só no atinxente á prostitución os cálculos dos inspectores de facenda importan uns 18.000 millóns de euros, dada a relevancia desa problemática no Estado. O PIB crecería así non pola creación de emprego, pola erradicación da elusión e fraude fiscal das grandes empresas e patrimonios,

polo desenvolvemento de novas actividades produtivas... esa “nova riqueza” amoédase con violencia, sufrimento e enfermidades.

Este truco contable non deixa de espir a falacia do crecemento en termos do PIB. Alternativa Galega da Esquerda acredita noutros parámetros para avaliar o desenvolvemento social.

Polo exposto, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Como valora o goberno galego os cambios da SEC 2010, que fan contar como riqueza en termos de PIB a violencia da prostitución ou o negocio que as mafias organizan ao redor das drogas?
- Ten coñecemento o goberno galego da metodoloxía de cálculo que se vai empregar para medir o impacto económico nestas esferas de actividade?
- Que xestións vai realizar a Xunta de Galicia diante do goberno do Estado para amosar o seu rexeitamento de semellante contabilidade?
- Non vai achegar a Xunta de Galicia novos criterios para a medición da riqueza social en termos do Índice de Desenvolvemento Humano e parámetros semellantes?

Compostela, 3 de xullo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. María Consuelo Martínez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 03/07/2014 13:20:06

Eva Solla Fernández na data 03/07/2014 13:20:12

María Consuelo Martínez García na data 03/07/2014 13:20:19

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Hai poucos días que transcendeu aos medios de comunicación un grave erro nos controis efectuados polos organismos dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre os moluscos infaunais para evitar que podan introducirse no mercado e, polo tanto, chegar ao consumidor final produtos do mar que non reúnan as condicións sanitarias necesarias.

Por todos é coñecido o grave episodio de toxina coñecido como marea vermella que sufriron as rías galegas durante os últimos meses do pasado ano 2013.

Naquel momento o Grupo Parlamentario Socialista xa alertaba da falla de precisión e dos erros que se estaban a producir no Intecmar e que ademais de provocar importantes perdas económicas para o sector, na práctica podía supoñer a chegada de produto sen condicións sanitarias ao mercado, e mesmo a provocar alertas sanitarias noutros países.

Por aquel entonces o Goberno a través da Conselleira do Mar defendía unha actuación inmellorable e profesional, pero tan só uns meses despois e logo dunha investigación do Servizo de Gardacostas vimos de coñecer como, supostamente, unha partida de máis de 6.000 kg de berberecho da ría de Noia chegou o mercado.

A seguridade alimentaria debe ser un obxectivo primordial do Goberno galego, motivo que leva os deputados que asinan a formular as seguintes preguntas:

1ª) É certo que chegou o consumidor final produto que non reunía as condicións necesarias para o seu consumo?



Grupo Parlamentario

2ª) De ser afirmativo, cal foi o seu destino?

3ª) Considera o Goberno galego que se dedican os recursos necesarios para garantir o correcto funcionamento do Intecmar?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 2 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 03/07/2014 13:21:02

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 03/07/2014 13:21:09

José Manuel Gallego Lomba na data 03/07/2014 13:21:15



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Comisión**, relativa á obriga de que os/as despedidos/as tributen no IRPF polas súas indemnizacións, a partir dos 2.000 euros por ano traballado, contemplada na reforma fiscal anunciada polo Goberno español.

O venres, 20 de xuño de 2014 o Consello de Ministros aprobou o “Anteproxecto de Lei de Reforma Fiscal”.

As propostas contidas neste anteproxecto caracterízanse pola súa falla de equidade e polo seu profundo carácter centralizador.

Polo que atinxe ao seu carácter centralizador, con esta reforma o Goberno central fixa unilateralmente criterios sobre impostos compartidos que van implicar un recorte de ingresos para Galiza. E faino, ademais, despois de negarse a flexibilizar a senda de redución do déficit para as Comunidades Autónomas, aprazar a revisión do sistema de financiamento autonómico e afirmar por boca do seu Ministro de Facenda “*que es imposible que el Estado ponga más dinero para las autonomías*”.

Estas propostas, de materializarse reducirán aínda máis a autonomía fiscal de Galiza e provocarán unha merma de ingresos á Comunidade Autónoma que será utilizada para impoñer máis recortes e tamén como antesala de novos copagos en servizos públicos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo que atinxe á falta de equidade, nas rebaixas impositivas que se contemplan as principais beneficiarias serán as rendas do capital e as grandes empresas, ás que se lle reducirá substancialmente o tipo no Imposto de Sociedades. Ademais a redución de tramos no IRPF reducirá a progresividade deste imposto. A consecuencia será a acentuación do peso das rendas do traballo á hora de soportar a carga fiscal. Ademais, estas rebaixas impositivas van acompañadas da consolidación da suba do IVE aprobada polo Goberno español en exercicios pasados, incrementando o peso dos impostos indirectos no conxunto do sistema tributario, acentuando, deste xeito, o carácter regresivo e non redistributivo do sistema fiscal español.

Pero ademais, esta proposta de reforma fiscal inclúe un medida manifestamente inxusta: a obriga de que os/as despedidos/as tributen no IRPF polas súas indemnizacións, a partir dos 2.000 euros por ano traballado.

Esta medida suporá un novo recorte nas indemnizacións por despido, a sumar aos provocados polas sucesivas reformas laborais, castigando de novo a un dos colectivos máis vulnerábeis, que deste xeito se verá na obriga de costear a merma de ingresos que suporá a anunciada reforma fiscal.

Por todo o devandito, formulamos as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en comisión:**

-Qué valoración fai o Goberno Galego de que na reforma fiscal anunciada polo Goberno español se estableza a obriga de que os/as despedidos/as tributen no IRPF polas súas indemnizacións, a partir dos 2.000 euros por ano traballado?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Non considera o Goberno Galego que esta medida suporá un novo recorte nas indemnizacións por despido, a sumar aos provocados polas sucesivas reformas laborais?

-Non considera o Goberno Galego que é inxusto que os/as despedidos/as sexan os que teñan que costear a merma de ingresos que suporá a reforma fiscal anunciada polo Goberno Español?

-Non considera que esta medida castiga, aínda máis, a un dos colectivos máis vulnerábeis?

Vai esixir o Goberno Galego a retirada desta medida?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2014

Asdo. Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/07/2014 13:40:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2014 13:45
Nº Rexistro: 24788
Data envío: 03/07/2014 13:45:16.846



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 03/07/2014 13:40:15



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á reforma fiscal anunciada polo Goberno español.

O venres, 20 de xuño de 2014, o Consello de Ministros aprobou o “Anteproxecto de Lei de Reforma Fiscal”.

As propostas contidas neste anteproxecto caracterízanse pola súa falla de equidade e polo seu profundo carácter centralizador.

Polo que atinxe á falta de equidade, nas rebaixas impositivas que se contemplan as principais beneficiarias serán as rendas do capital e as grandes empresas, ás que se lle reducirá substancialmente o tipo no Imposto de Sociedades. Ademais a redución de tramos no IRPF reducirá a progresividade deste imposto. A consecuencia será que se acentúe o peso das rendas do traballo á hora de soportar a carga fiscal. Ademais, estas rebaixas impositivas van acompañadas da consolidación da suba do IVE aprobada polo Goberno español en exercicios pasados, incrementando o peso dos impostos indirectos no conxunto do sistema tributario, acentuando, deste xeito, o carácter regresivo e non redistributivo do sistema fiscal español.

Estas medidas van ademais acompañadas doutras manifestamente inxustas, como a obriga de que os/as despedidos/as tributen no IRPF polas súas indemnizacións, a partir dos 2.000 euros por ano traballado. Esta medida suporá un novo recorte nas



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indemnizacións por despedido a sumar aos provocados polas sucesivas reformas laborais, castigando de novo a un dos colectivos máis vulnerábeis.

Outra medida de marcado carácter antisocial é a supresión da dedución por aluguer para os novos contratos que se asinen a partir de 2015, dificultando aínda máis o acceso á vivenda e a emancipación da xente nova.

Polo que atinxe ao seu carácter centralizador, con esta reforma o Goberno central fixa unilateralmente criterios sobre impostos compartidos que van implicar un recorte de ingresos para Galiza. E faino, ademais, despois de negarse a flexibilizar a senda de redución do déficit para as Comunidades Autónomas, aprazar a revisión do sistema de financiamento autonómico e afirmar por boca do seu Ministro de Facenda “*que es imposible que el Estado ponga más dinero para las autonomías*”.

Estas propostas, de materializarse, ademais de acentuar a regresividade e inxustiza do sistema fiscal, reducirán aínda máis a autonomía fiscal de Galiza e provocarán unha merma de ingresos á Comunidade Autónoma que será utilizada para impoñer máis recortes e tamén como antesala de novos copagos en servizos públicos.

Por todo o devandito, fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión, relativa á reforma fiscal anunciada polo Goberno español.

-Qué valoración fai a Xunta de Galiza da reforma fiscal anunciada polo Goberno Español?

-Qué valoración fai do seu impacto na autonomía fiscal e financeira de Galiza e nos ingresos da Comunidade Autónoma?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai demandar a Xunta de Galiza a retirada desta proposta?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2014

Asdo. Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 03/07/2014 14:13:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O accidente do tren Alvia do pasado 24 de xullo de 2013 nas inmediacións de Santiago de Compostela, é unha das maiores traxedias da Historia Ferroviaria do Estado.

Todas as vítimas do accidente do Alvia en Angrois seguen, case un ano despois do descarrilamento, en rehabilitación tanto psicolóxica como física, segundo o da Asociación de Prexudicados polo Accidente Ferroviario do Alvia de Santiago (Apafas) e o voceiro da Plataforma de Vítimas Alvia 01455.

Case un ano despois, as vítimas seguen sen coñecer a verdade, sen obter xustiza para un accidente que hoxe sabemos, se puido ter evitado.

Pero non son as únicas vítimas de accidentes ferroviarios que esperan xustiza. Existen outras vítimas que só aparecen na prensa o día do accidente e das que non se volve a saber, non se obtén explicación algunha, non hai responsables. Son as vítimas de atropelos en pasos con e sen barreiras e rueiros paralelos á vía do tren.

Segundo os datos aparecidos na prensa, xa que non existen informes oficiais, en Galicia morreron atropelados por un tren, entre o 1 de xaneiro e o 3 de xullo, un total de 5 persoas. Comparados estes datos cos correspondentes a todo o ano 2013, coa excepción das vítimas do accidente ferroviario do Alvia en Angrois, representan xa 1 vítimas máis. En todo o ano 2012 o número de vítima mortais foi de 3.

Ante o incremento das mortes por atropelo de tren en Galiza, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta:

1. Ten a Xunta informes sobre accidentes ferroviarios con ou sen vítimas en pasos con e sen barreira ou rueiros próximos ás vías do tren?
2. Que actuacións ten realizado ou pensa realizar a Xunta ante o Ministerio de Fomento para que este ordene dispoñer na vía férrea galega todas as medidas de Seguridade Viaria necesarias para eliminar do noso territorio as mortes por atropelo de tren?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 04/07/2014 11:26:09

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O pasado día dous de xullo o Goberno galego a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, asinaba un protocolo de colaboración coa Fundación internacional *Philippe Cousteau* "Unión dos Océanos".

Segundo podemos comprobar a través dos medios de comunicación, dise que o acordo establece unha serie de actuacións conxuntas específicas e encamiñadas á promoción da pesca, tamén á mellora da comercialización, á protección dos homes e mulleres do mar, e á preservación do medio ambiente e dos recursos mariños.

Os deputados que asinan consideran que todas as accións que sirvan para dinamizar e potenciar o sector son positivas, xa que logo formulamos as seguintes cuestións:

1ª) Cales son as medidas concretas que se contemplan nese convenio de colaboración?

2ª) Cal é a dotación económica deste convenio?

3ª) Cal é o prazo ou período de vixencia deste acordo?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2014



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 04/07/2014 11:26:50

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 04/07/2014 11:27:20

José Manuel Gallego Lomba na data 04/07/2014 11:27:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Abel Losada Álvarez, José Manuel Gallego Lomba e Beatriz Sestayo Doce, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O día 4 de abril deste ano, o Goberno do Estado aprobaba o Anteproxecto de reforma da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Ademais doutras consideracións, os tribunais superiores de xustiza operarían, principalmente, como órganos de segunda instancia ou apelación en todas as ordes xurisdiccionais, asumindo así as competencias das audiencias provinciais, que desaparecerían (así o indican os artigos 112 e seguintes do anteproxecto).

Estas transcendentais decisións foron tomadas sen ter en conta as opinións das CC.AA, os representantes municipais e ningún dos sectores da Xustiza.

E, o máis grave, expónse este novo modelo sen ter en conta as características específicas dos territorios do noso país. Este anteproxecto descoñece a realidade de Galicia e, particularmente, a da provincia de Pontevedra.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1ª) Entende o Goberno da Xunta que o anteproxecto de reforma da Lei orgánica do Poder Xudicial vai instaurar un modelo de afastamento e concentración da Xustiza contrario aos intereses dos cidadáns?

2ª) É consciente o Goberno galego das dificultades que este modelo xerará na provincia de Pontevedra?



Grupo Parlamentario

3ª) En relación ao TSX de Galicia, entende o Goberno galego que o novo modelo vai implicar afastamento da Xustiza aos intereses dos cidadáns?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Comparte o Goberno a decisión de suprimir a Audiencia Provincial de Pontevedra?

5ª) Que ten dito o Goberno da Xunta ao Goberno do Estado no informe remitido en maio con motivo do Anteproxecto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/07/2014 11:25:46

María Carmen Gallego Calvar na data 04/07/2014 11:25:58

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/07/2014 11:26:05

José Manuel Gallego Lomba na data 04/07/2014 11:26:16

Beatriz Sestayo Doce na data 04/07/2014 11:26:24



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa ao impacto económico que ten no Carballiño a celebración da Festa dos Maiores de carácter anual e ás razóns do fracaso da edición deste ano.

Desde hai máis de 35 anos vense celebrando no Carballiño a Festa dos Maiores na que habitualmente participan persoas chegadas de toda Galiza e na maior parte dos casos vinculadas aos centros sociais de maiores existentes, e que dependen das diferentes administracións e doutras entidades que realizan o seu traballo neste ámbito.

Esta festa, que se realizou sempre co apoio da administración galega co ánimo de render homenaxe e proporcionarlles lecer ás persoas maiores, sempre tivo un grande éxito de afluencia chegando nalgunha ocasión a contar coa participación de máis de 60 mil persoas chegadas dos máis diversos puntos de Galiza.

É indubidábel o impacto económico que esta festa tivo sempre no tecido económico da vila do Carballiño, fundamentalmente nos sectores vinculados co hostalaría, co pequeno comercio local e tamén coas polbeiras.

O pasado día 14 de xuño tivo lugar a 36 edición deste evento no que segundo os datos que se coñecen apenas contou coa participación de 2.000 persoas, feito que está xerando unha gran preocupación e un importante debate social no Carballiño



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fundamentalmente ligado aos malos resultados económicos que este feito provocou para os sectores produtivos aos que antes se fixo referencia.

Esta festa no pasado non estivo exenta de controversia partidaria xa que cando durante a VII lexislatura, cando se produciron algúns cambios na súa concepción, o Grupo Parlamentario Popular chegou a presentar iniciativas para que se mantivera como o único evento destas características e para que se potenciase desde a administración. Incluso se chegou a promover unha Comisión na Deputación provincial, coa participación do Concello do Carballiño para a súa potenciación.

Á vista destes antecedentes, e da gran importancia que o Partido Popular parecía outorgarlle no ano 2006 a este evento, tanto polo seu papel en relación coas persoas e colectivos que participan del como desde o punto de vista de revulsivo económico para o Carballiño, resulta bastante rechamante o esmorecemento que se ven producindo nos últimos tempos e que ten a súa culminación no fracaso da edición do 2014.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.- Como valora a participación nas últimas edicións da Festa dos Maiores do Carballiño e singularmente na que tivo lugar o pasado día 14 de xuño?
- 2.- Cal cre que son as razóns da paulatina caída na afluencia de persoas a este evento?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Considera que garda algunha relación co dinamismo dos centros sociais de persoas maiores que xestiona a administración?

4.- Ten realizado algunha avaliación do impacto económico negativo desta situación na hostalaría, no comercio e no sector das polbeiras do Carballiño?

5.- Ten previsto realizar algunha actuación en colaboración co Concello para analizar a súa viabilidade para o futuro?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 04/07/2014 13:22:42



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á accesibilidade nos autobuses de liña na comarca de As Mariñas.

O dereito á accesibilidade das persoas con discapacidade, recoñecido na Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU e nas Leis e disposicións que desenvolven o Sistema Galego de Benestar, moitas veces non pode ser exercido polas persoas discapacitadas na práctica.

No caso do transporte colectivo por estrada, a Xunta de Galiza consinte que non haxa autobuses accesíbeis para estas persoas, facendo que se vexan obrigadas a avisar con dous ou tres días de antelación á empresa para tratar de utilizar este medio de transporte. Tal acontece nas liñas que foron adxudicadas en concesión a Ideal Auto SA- actualmente Arriva- que fan paso e parada en Betanzos. Mesmo se dan casos nos que autobuses rotulados co distintivo do transporte accesíbel teñen ocupado con asentos o espazo que debera estar destinado a estas persoas con mobilidade reducida, como acontece coas liñas que ten en concesión a empresa Autos Cal Pita SA.

O Goberno galego, en tanto que responsábel destas liñas de transporte por estrada, ten a responsabilidade de esixir o cumprimento da legalidade vixente e garantir que as persoas con discapacidade poidan exercer os seus dereitos.

A situación devandita ten motivado que persoas discapacitadas da comarca coruñesa de As Mariñas, de forma individual e por medio de colectivos organizados, teñan presentado diversas reclamacións por estes feitos ante a Dirección Xeral de Transportes, sen obter resposta, e tamén unha queixa diante do Valedor do Pobo.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o devandito formúlanse as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en comisión:**

-É coñecedora a Xunta de Galiza da situación descrita?

-É coñecedora a Xunta de Galiza das reclamacións presentadas ante a Dirección Xeral de Transporte por persoas discapacitadas da comarca de As Mariñas?

-É coñecedora a Xunta de Galiza de que nas liñas adxudicadas en concesión a Ideal Auto SA –actual Arriva- non hai buses accesíbeis para persoas discapacitadas, facendo que se vexan obrigadas a avisar con dous ou tres días de antelación á empresa para tratar de utilizar este medio de transporte?

-Coñece a Xunta de Galiza que nas liñas que ten adxudicadas en concesión Autos Cal Pita SA hai casos nos que autobuses rotulados co distintivo do transporte accesíbel teñen ocupado con asentos o espazo que debera estar destinado a persoas con mobilidade reducida?

-Qué medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para asegurar o cumprimento da legalidade vixente e garantir que as persoas con discapacidade poidan exercer o seu dereito á accesibilidade?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 04/07/2014 13:27:22

Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/07/2014 13:27:28

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 13:27:33



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Eladio Pombo Rodríguez e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión**, relativa á necesidade dun compromiso activo para evitar os desafiuzamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos/as os/as cidadáns/ás a unha vivenda digna.

A crise económica e as súas dramáticas consecuencias sociais está provocando que moitos cidadáns no noso país non poidan ver garantido na práctica o dereito a unha vivenda digna.

Desde o comezo da crise económica miles de cidadáns que accederon a unha vivenda por medio de préstamos hipotecarios están atravesando unha delicada situación que lles impide facer fronte ao vencemento dos créditos, véndose abocados a perder a súa vivenda.

Para facer fronte a este grave problema social é imprescindible que a Xunta de Galiza teña un compromiso activo para evitar os desafiuzamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos/as os/as cidadáns/ás a unha vivenda digna.

Por todo o devandito formúlase a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**:

- Vai demandar a Xunta de Galiza do Goberno do Estado a modificación da Lei 1/2013 para reformar os procesos de execución hipotecaria, cando o debedor actuou de boa fe e o inmovible hipotecado é a súa vivenda habitual?

- Vai demandar a inmediata paralización de todos os expedientes de desafiuzamento en trámite no noso país?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai esixir que o Goberno do Estado obrigue a todas as entidades bancarias a anular, con carácter retroactivo, as cláusulas bancarias abusivas e os contratos ilegais, especialmente as cláusulas solo das hipotecas e os contratos de seguros dos tipos de interese dos préstamos?

- Vai impulsar un parque de vivendas sociais que faga efectivo o dereito de todo/a cidadán/a a acceder a unha vivenda digna?

- Vai demandar que se esixa ás entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou a venda a prezo taxado?

- Vai impulsar con carácter inmediato o Fondo Social de Vivenda, cos recursos orzamentarios suficientes para, entre outras medidas, garantir subsidiar as rendas de aluguer ás familias desafiuzadas con menores ao seu cargo, nos casos de risco de desintegración familiar ou perda de custodia por carecer de domicilio familiar?

- Vai instar a adopción das medidas necesarias para que os/as cidadáns/ás afectados/as por esta situación teñan acceso á Xustiza gratuíta, para que se axilicen os procesos xudiciais e para asegurar a debida atención aos/ás cidadáns/as afectos/as por estas situacións nas Oficinas de Consumo da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: Cosme Eladio Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 04/07/2014 13:42:35

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 13:42:41



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodriguez e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación do comedor e transporte escolar no CPI “Cruz do Sar” de Bergondo.

As nais e pais do alumnado do CPI “Cruz do Sar” en Bergondo, veñen manifestando desde principios deste curso o seu malestar polo funcionamento do servizo de comedor e transporte escolar no devandito centro. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tomou a decisión de non facilitar transporte escolar aos alumnos e alumnas que non fagan uso do servizo de comedor.

Desde a entrada en vigor do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios, o servizo de comedor escolar deixou de ser gratuíto para establecer un copago de até 4,5 euros.

Os alumnos e alumnas rematan as súas aulas ás 14:25, pero se non fan uso do comedor, sexa porque non queren ou non poden afrontar o seu custo, teñen que agardar até as 15:00, que é a hora de saída do autobús gratuíto. Esta situación provoca outro problema engadido xa que non hai ningún adulto responsábel do coidado e atención dos nenos e nenas neses trinta e cinco minutos que teñen que agardar ata a saída do bus escolar. Na práctica isto tradúcese en que se obriga as



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

nais e pais de fillos/as que non fan uso do comedor escolar a que os recollan e polo tanto non podan utilizar o transporte escolar.

As nais e pais de alumnos do CPI “Cruz do Sar” xa veñen manifestando as súas queixas desde comezo de curso á propia Consellería e mesmo presentaron unha queixa diante do Valedor do pobo sen obter solución ningunha.

Por todo o devandito formúlense as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- *É coñecedora a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación do comedor e transporte escolar no CPI “Cruz do Sar” de Bergondo?*

- *Considera xustificábel que os alumnos e alumnas que non fan uso do comedor, sexa porque non queren ou non poden afrontar o seu custo, teñen que agardar desde as 14:25, hora de remate das aulas, ata as 15:00 h para poder facer uso do autobús gratuito?*

- *Considera xustificábel que durante eses 35 minutos os nenos e nenas teñan que esperar sen ningún adulto responsábel do seu coidado e atención?*

- *Non considera a Consellería que se está obrigando na práctica as nais e pais de fillos/as que non fan uso do comedor escolar a recoller aos nenos e nenas co conseguinte prexuízo que esta situación lles provoca?*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Non considera a Consellería que esta situación significa na práctica a exclusión destes nenos e nenas do servizo de transporte escolar?

- Vai adoptar a Consellería algunha medida para solucionar esta situación?

- Vai reconsiderar a Consellería a súa decisión de establecer un copago no servizo de comedor escolar?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: Cosme Eladio Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 04/07/2014 13:44:15

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 13:44:21



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **pregunta para resposta oral en comisión**.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ven cuestionando a utilidade das Deputacións provinciais para a cidadanía galega, considerando que se trata dunha administración superposta que responde a unha concepción centralista do Estado e de dubidosa lexitimidade democrática, e que polo tanto dentro do marco de autogoberno de Galiza deberan ser eliminadas.

Fronte a esta posición, o Goberno galego e o Partido Popular defenden a súa permanencia en base a que o seu principal cometido é a de suplir as carencias técnicas e orzamentarias dos concellos de menor dimensión.

Sempre se argumenta que as Deputacións están chamadas a ser instrumentos de cooperación para que os concellos de menor dimensión, na súa maior parte situados no rural, poidan acometer as súas competencias e atender as necesidades da súa cidadanía. Porén, existen numerosos exemplos de que este cometido non se cumpre e que na maioría dos casos son instrumentos políticos ao servizo dos intereses partidarios do Partido Popular.

Recentemente tense producido na Deputación da Coruña un novo exemplo desta instrumentalización, que ademais provoca unha enorme distorsión nas teóricas competencias e cometidos que deberan ser prioritarias á hora de establecer as actuacións destas institucións.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente, o seu pleno, aprobou o chamado Plan DTC93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS que, segundo as propias bases, vai financiarse “previsibelmente” cunha achega provincial por importe de 18 millóns de euros.

Nas súas bases reguladoras recóllese que a cada concello se lle asigna unha cantidade de achega provincial calculada aplicando unha serie de variábeis ponderadas, entre as que curiosamente se lles asigna un maior peso, o 30% para cada unha delas, ao criterio poboacional e ao de superficie.

Estes criterios de ponderación entran en clara contradición, por exemplo, cos que se establecen para o Plan de Obras e Servizos (POS) que se calcula mediante a aplicación de variábeis que responden a criterios equitativos e obxectivos consonte o artigo 36.2 a) da LBRL. Así pondéranse criterios como o número de parroquias e que se trate de poboación rural.

Coa aplicación dos criterios establecidos para este plan os resultados do financiamento que lle corresponde a cada concello son unha auténtica distorsión desde o punto de vista dos supostos cometidos da Deputación. Resultando claramente favorecidas as cidades e os grandes concellos, fronte aqueloutros con maiores necesidades de colaboración provincial.

Estamos pois ante uns criterios de reparto que benefician moi especialmente ás cidades en detrimento dos pequenos e medianos concellos, primando porcentualmente en demasía aqueles en que maior peso ten a poboación.

O PP continúa empeñado en lle demostrar á cidadanía o escaso peso relativo co que conta o medio rural nas súas políticas de desenvolvemento territorial e faino,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ademais, nun país no que contamos coa metade dos núcleos de poboación do Estado español. Isto súmase, por outra parte, á inexistencia dun sistema de financiamento local que teña en conta as peculiaridades de dispersión e avellentamento da poboación.

O Partido Popular tamén persiste en desprezar a función de asegurar o equilibrio intermunicipal que lle encomenda o artigo 31.2 da LBRL e que continuamente reivindica como razón de ser da propia existencia das Deputacións, coa única finalidade de obter un resultado final máis beneficioso en función dos seus intereses partidarios.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa reposta oral en comisión:

- Como valora o Goberno galego a actuación da Deputación da Coruña en relación con este Plan?
- Non considera que se incumpren os cometidos propios destas institucións en relación coa súa obriga de cooperación daqueles concellos con menor capacidade económica e técnica?
- Non considera que evidencia unha orientación dos recursos que no canto de contribuír a frear os desequilibrios territoriais e de servizos o que contribúe é a aumentar esa fenda?
- Non cre que estamos ante un novo caso de instrumentalización partidaria dos entes provinciais?
- Á vista de que non estamos ante un feito illado, senón ante unha práctica estendida, sigue mantendo a necesidade da persistencia destas institucións e da súa utilidade como instrumento de cooperación e colaboración cos pequenos concellos?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non cre que hai elementos máis que suficientes para promover a súa desaparición?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 04/07/2014 13:47:08

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 13:47:14



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao servizo de estiba e desestiba no Porto de Brens (Cee).

O 28 de xaneiro de 2005, Portos de Galicia, os representantes das empresas Ferroatlántica e Caolins de Vimianzo e a representación dos traballadores, aprobaron o *“Pacto Regulador das condicións laborais subscrito entre o ente público “Portos de Galiza”, as empresas cargadoras e os traballadores do servizo de estiba e desestiba dos Portos de Cee, Corcubión e Laxe”* e na mesma reunión “Portos de Galicia” e os representantes dos traballadores acordan aprobar integramente o *“Preacordo de axuste de plantilla subscrito entre o ente público e a representación dos traballadores do servizo de estiba e desestiba dos Portos de Cee, Corcubión e Laxe”*.

En virtude destes acordos, e en cumprimento de resolucións xudiciais que declararon de aplicación ao colectivo de traballadores do servizo de estiba e destiba destes portos o *III acordo para a regulación das relacións laborais no sector portuario*, a plantilla do servizo de estiba e desestiba ficou reducida a 11 traballadores, todos os traballadores pasaron a ser fixos de plantilla, fixouse un criterio estrito de rotación buscando a equiparación de xornadas e establecéronse as seguintes obrigas dos consignatarios e cargadores:

“Para poder desenvolver coa máxima efectividade os traballos de estiba e desestiba as empresas asinantes do presente acordo comprométense a solicitar a “Portos de Galicia” cunha antelación mínima suficiente o persoal que soliciten.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unicamente poderán contratar directamente traballadores en supostos excepcionais e sempre e cando “Portos de Galicia” non dispoña dos traballadores solicitados. Estas contratacións deberán realizarse mediante oferta presentada na Oficina de Emprego correspondente, que terá que ir necesariamente acompañada de certificación emitida por “Portos de Galicia” que acredite a imposibilidade de prover os traballadores necesarios para o servizo solicitado.”

Porén, dende a sinatura dos devanditos acordos ata hoxe os incumprimentos por parte de Portos de Galicia e das empresas cargadoras cada vez son máis frecuentes e de maior gravidade.

Dunha banda, por parte de Portos de Galicia, semella existir un deseño para que o servizo esmoreza. Así, pese ao incremento de tráfico no porto de Brens, non se repón a plantilla. A consecuencia é que o cadro de persoal do servizo de estiba e desestiba ficou reducido a catro traballadores, froito das xubilizacións que se produciron.

Doutra banda, as empresas cargadoras cada vez con maior frecuencia contratan directamente traballadores para os labores de estiba e desestiba, incumprindo o acordo que establece que **”unicamente poderán contratar directamente traballadores en supostos excepcionais e sempre e cando “Portos de Galicia” non dispoña dos traballadores solicitados”**.

Ademais, Portos de Galicia abstense de velar polo cumprimento da legalidade para evitar estas prácticas de intrusismo nos seus portos pese a que compiten deslealmente cos seus propios servizos de estiba e desestiba.

A xuízo deste Grupo Parlamentar é incomprendible e inadmisíbel que Portos de Galicia incumpra as súas obrigas, causando un grave prexuízo a un servizo que debería ser unha fonte de ingresos para este Ente Público.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, o importante investimento feito no Porto de Brens e o incremento do seu tráfico debería contribuír a xerar emprego na propia comarca, evitando o intrusismo das empresas cargadoras que traen ao seu propio persoal para os labores de estiba e desestiba.

Por todo o devandito, formúlanse as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

-É coñecedora a Xunta de Galiza da situación descrita?

-É coñecedora a Xunta de Galiza das prácticas de intrusismo das empresas cargadoras?

-Por qué Portos de Galicia non asegura o cumprimento do acordo que establece que as empresas cargadoras "unicamente poderán contratar directamente traballadores en supostos excepcionais e sempre e cando "Portos de Galicia" non dispoña dos traballadores solicitados"?

-Por qué Portos de Galicia non asegura o cumprimento do acordo que establece que as contratacións directas e excepcionais das empresas cargadoras "deberán realizarse mediante oferta presentada na Oficina de Emprego correspondente e terán que ir necesariamente acompañada de certificación emitida por "Portos de Galicia" que acredite a imposibilidade de prover os traballadores necesarios para o servizo solicitado"?

-Por qué Portos de Galicia non asegura o mantemento da plantilla do servizo de estiba dos portos de Cee, Corcubión e Laxe, repoñendo as baixas producidas?

-Por qué Portos de Galicia non defende un servizo que debería de ser unha fonte de ingresos para o propio ente público?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Non considera a Xunta de Galiza que o importante investimento feito no Porto de Brens e o incremento do seu tráfico debería contribuír a xerar emprego na propia comarca, para o que é necesario evitar as prácticas de intrusismo das empresas cargadoras?

-Qué volume de tráfico rexistrou o Porto de Brens en 2012?

Qué volume de tráfico rexistrou o Porto de Brens en 2013?

-Cales son as estimacións de tráfico para este porto no futuro?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/07/2014 13:49:42

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 13:49:48



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á problemática da factoría de ferrosilicios Ferroatlántica de Brens (Cee).

A empresa Ferroatlántica está desmantelando para o seu despeze o forno 11 (número 1 en Brens) na factoría de ferrosilicios que a devandita empresa ten en Brens (Cee). Este desmantelamento supón o peche dunha unidespezidade de produción co conseguinte impacto na actividade produtiva desta factoría e na xeración ou no mantemento de postos de traballo.

Mentres Ferroatlántica reduce a súa produción na Galiza, incrementaa nas factorías de Sudáfrica e Venezuela. Mentres en Galiza desmantela fornos para o despeze, nestes países reconvírteos para a produción de silicio solar, unha produción claramente á alza. O resultado é o declive continuado da factoría de Brens: pois dunha plantilla de 450 empregados en 1997 pasouse a 285 na actualidade.

Por moito que Ferroatlántica sexa unha empresa privada, explota recursos naturais de Galiza, caso das augas do río Xallas, e beneficiouse de concesións públicas supeditadas ao mantemento dos postos de traballo.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 1986 a Declaración de Utilidade Pública, preceptiva para proceder á expropiación dos terreos para a construción do encoro de Santa Uxía, xustificouse para favorecer o mantemento dos postos de traballo.

Os incumprimentos por parte de Ferroatlántica dos compromisos adquiridos coa administración son constantes. En 1997, a raíz da inauguración do edificio administrativo das minicentrais Ézaro-Dumbría, o Sr. Villar Mir, Presidente de Ferroatlántica, comprometeuse ante o Presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, a construír un novo forno en Dumbría nun prazo de 30 meses. Aínda que a obra foi comezada, o forno nunca estivo en produción, optando a empresa por priorizar a actividade produtiva en Venezuela.

Polas razóns devanditas o **Grupo Parlamentar do BNG**, formula as seguintes **preguntas para a súa resposta oral en Comisión**:

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza de que a empresa Ferroatlántica está desmantelando para o seu despeze o forno 11 (número 1 en Brens) na factoría de ferrosilicios que a devandita empresa ten en Brens (Cee)?

-É consciente a Xunta de Galiza de que este desmantelamento conleva o peche dunha unidade produtiva co conseguinte impacto na actividade económica e en postos de traballo?

-É coñecedora dos incumprimentos por parte de Ferroatlántica dos compromisos adquiridos coa administración?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións pensa levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 04/07/2014 14:02:17

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 14:02:30



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, Daniel Rodas Chapela e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao peche da actividade investigadora do departamento de cultivos do Centro Oceanográfico da Coruña do Instituto Español de Oceanografía.

Despois de 40 anos péchase a actividade investigadora do departamento de cultivos do Centro Oceanográfico do IEO en A Coruña, despois da xubilación dos dous investigadores que o lideraban.

Durante este tempo o Centro estivo traballando no estudo da bioloxía e o cultivo de diferentes especies de moluscos con interese comercial (ameixa, mexillón, vieira, voandeira, zamburiña,...). En concreto, no caso dos pectínidos (vieiras, voandeiras e zamburiñas), este centro foi o único organismo estatal con capacidade para asesorar nesta materia, ademais de ser representante internacional no Pectinid Workshop, foro internacional de intercambio de coñecementos neste campo.

O deterioro das instalacións do Centro dedicadas a cultivos, que incluso estaban afectando á propia estrutura do edificio, levou á decisión de cesar as actividades do departamento e á construción dun edificio anexo que, de primeiras, se dedicaría enteiramente á investigación acuícola. Porén, pese ao investimento realizado, este anexo nunca se chegou a usar para o fin inicial, entre outras cosas, porque non se chegou a rematar a última fase da súa construción, na que se contemplaban as instalacións de condución de auga de mar.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante a imposibilidade de manter tanques dentro do edificio, o equipo de cultivos centrou o seu traballo nos últimos anos na captación de semente de pectínidos mediante bolsas colectoras colocadas nas rías galegas. A semente fixada nas bolsas serviu de base para experiencias de engorde en bateas, acadando resultados importantes, tanto dende o punto de vista científico como dende o comercial.

Desde o verán de 2013, despois das xubilacións dos investigadores do departamento, decidiuse dar por rematada a investigación neste campo no centro de A Coruña. O persoal axudante foi distribuído noutros departamentos e malia que recentemente se solicitou asesoramento para poñer colectores para zamburiña na ría de Ferrol (o que, ademais dunha posíbel actividade, supón o mantemento dunha especie que tende a desaparecer das augas galegas), dende a dirección respostouse negativamente á solicitude do antigo persoal de cultivo para colaborar aplicando coñecementos adquiridos durante anos.

É importante ter en conta que a parte da praza de colaborador en I+D+I, na RPT (Relación de Postos de Traballo) figura unha praza de investigador principal, específica de cultivos, que podería servir de base para reconstruír o equipo de investigación.

Ademais, a Dirección informou que unha praza da oferta pública de emprego de 2013 foi destinada ao departamento de acuicultura do centro de Santander, e na do 2014 hai dúas prazas de investigador que non teñen destino asignado de momento.

Despois de tantos anos de investigación nun campo tan importante para Galiza como é o cultivo de moluscos, o departamento péchase sen que haxa esforzo algún por mantelo.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o devandito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Coñece a Xunta de Galiza que despois de 40 anos, vai cesar a actividade investigadora do departamento de cultivos do Centro Oceanográfico do IEO en A Coruña?

-Sabe a Xunta de Galiza que durante este tempo, o Centro estivo traballando no estudo da bioloxía e o cultivo de diferentes especies de moluscos con interese comercial?

-Sabe que, en concreto, no caso dos pectínidos (vieiras, voandeiras e zamburiñas), este centro foi o único organismo estatal con capacidade para asesorar nesta materia, ademais de ser representante internacional no Pectinid Workshop, foro internacional de intercambio de coñecementos neste campo?

-Sabe a Xunta de Galiza que en distintos campos a actividade investigadora deste centro permitiu acadar resultados importantes, tanto dende o punto de vista científico como o comercial?

-Non considera a Xunta de Galiza que é necesario manter a actividade investigadora neste eido, máxime tendo en conta a importancia que ten en Galiza a actividade económica vinculada aos cultivos mariños?

-Cómo valora a Xunta de Galiza esta situación?

-Non considera que non se pode dilapidar o coñecemento adquirido neste eido?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Non considera que o peche desta actividade é contraditoria coa necesidade de apostar pola investigación para favorecer a recuperación económica e un crecemento económico sostíbel?

-Vai realizar a Xunta de Galiza xestións para evitar o cese da actividade investigadora do departamento de cultivos do Centro Oceanográfico do IEO en A Coruña?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 04/07/2014 14:05:12

Daniel Rodas Chapela na data 04/07/2014 14:05:18

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 14:05:23



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Daniel Rodas Chapela e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás actuacións previstas na praia da Madalena en Cedeira.

A praia da Madalena de Cedeira forma parte dunha reserva mariña catalogada como tal polo seu interese pesqueiro. Despois dos temporais que azoutaron a costa galega este inverno, boa parte do seu areal desapareceu. Ante esta situación, o Concello de Cedeira e o Ministerio de Agricultura, a través de Demarcación de Costas, anunciaron o desenvolvemento dun plan de recheo que devolva a area á praia.

Porén, distintos colectivos denuncian que a aplicación destes recheos suporá graves prexuizos ecolóxicos, dado que a fauna do areal supón a base da pirámide trófica da zona, pois as especies que habitan na superficie da praia son as que nutren a boa parte dos peixes existentes na reserva mariña. Ademais, o recheo farase con area da propia ría, o que aínda traerá maiores prexuizos ecolóxicos para un espazo catalogado como reserva mariña de interese pesqueiro na que se desenvolven actividades como o marisqueo.

A realización de novos aportes de area, a parte do seu impacto ambiental, é unha solución que se ten demostrado totalmente ineficaz, como demostra o feito de que dende 2001 xa se tivesen realizado tres recheos, razón pola que os



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

veciños e veciñas reclaman unha actuación integral que se fundamente en estudos medioambientais.

A propia Demarcación de Costas elaborou en novembro de 2013 unha "Memoria de actuacións na morfoloxía da praia da Madalena-Cedeira" na que apunta entre as causas do deterioro da praia a construción dun espigón no porto que modificou as correntes mariñas, cambiando o desprazamento da area, e as actuacións urbanísticas realizadas hai décadas no espazo dunar da praia.

Por se fose pouco, os recheos pretenden desenvolverse sen realizar un estudo do impacto ambiental que analice os posíbeis prexuízos ecolóxicos, razón pola que diversos colectivos veñen de presentar unha denuncia perante o Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA).

A zona na que se prevé actuar está dentro da reserva mariña, un espazo protexido catalogado de interese pesqueiro e rexido polo Decreto 28/2009 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a "Ley 21/2013, de 9 de diciembre de 2013, de evaluación ambiental".

Segundo o marco xurídico actual será exixíbel "unha avaliación de impacto ambiental ordinaria (completa)" ante calquera proxecto que poida alterar o espazo protexido. Ademais a Lei estatal de avaliación ambiental establece con carácter preceptivo, a necesidade de emisión dun informe por parte do órgano con competencias en materia de medio ambiente da comunidade autónoma na que se realice o proxecto.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o devandito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

-Coñece a Xunta de Galiza o proxecto de realizar novos recheos na praia da Madalena, en Cedeira?

-Ten realizado algunha actuación ante o anuncio de realización destes recheos?

-Non considera a Xunta de Galiza que estes recheos suporán graves prexuízos ecolóxicos, dado que a fauna do areal supón a base da pirámide trófica da zona e o recheo farase con area da propia ría, afectando a un espazo catalogado como reserva mariña de interese pesqueiro?

-Non considera a Xunta de Galiza que a realización de novos aportes de area, a parte do seu impacto ambiental, é unha solución que se ten demostrado totalmente ineficaz, como demostra o feito de que dende 2001 xa se tivesen realizado tres recheos?

-Coñece a Xunta de Galiza a "Memoria de actuacións na morfoloxía da praia da Madalena-Cedeira" , elaborada pola Demarcación de Costas en novembro de 2013, na que apunta entre as causas do deterioro da praia, a construción dun espigón no porto que modificou as correntes mariñas cambiando o desprazamento da area e as actuacións urbanísticas no espazo dunar da praia realizadas hai década?

-Pensa a Xunta de Galiza, en aplicación do Decreto 28/2009, de 29 de Xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cedeira, condicionar calquera autorización á realización dunha avaliación de impacto ambiental”.

-Vai emitir a Xunta de Galiza, como é preceptivo, un informe ambiental?

-Vai defender a Xunta de Galiza unha solución integral á situación da praia da Madalena, baseada en estudos medioambientais?

-Vai esixir a paralización inmediata das obras?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/07/2014 14:06:46

Daniel Rodas Chapela na data 04/07/2014 14:06:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2014 09:30
Nº Rexistro: 24824
Data envío: 04/07/2014 14:07:20.339



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 14:06:57



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á supresión da liña de autobús entre A Coruña e Santa María de Vigo (Cambre).

Ata o día 11 de Xaneiro de 2014 a empresa ASICASA viña realizando a denominada ruta 179, que partía da Estación de Autobuses da Coruña e chegaba até a parroquia de Santa María de Vigo (Cambre), limítrofe co concello de Carral, e á inversa no sentido de volta.

Trátase dunha liña histórica que vertebrou durante décadas a comunicación de boa parte das parroquias rurais do concello de Cambre, tanto coa capital municipal como coa cidade da Coruña.

A liña percorría o traxecto A Coruña Estación–Edificio Administrativo da Xunta en Monelos–Monelos–Castrillón–Eirís–Alcampo–Portádego–A Corveira–Fonteculler–Acea da Ma–O Burgo–Almeiras–A Telva–Mesón Vasco–Escola de música de Sigrás–Os Campóns–Arrigada–Estación de tren de Cambre–Cambre–A Patiña–Cela–entrada de Meixigo–Lema–Brexo–A Lapa–Santa María de Vigo.

Ademais non houbo, nin por parte da empresa concesionaria nin por parte da Xunta de Galiza, ningunha comunicación pública oficial da supresión da liña nin información directa aos viaxeiros. Moitos usuarios acudiron o pasado 13 de xaneiro a agardar un bus que nunca chegou.

A supresión da liña perxudica aos sectores sociais máis desfavorecidos (estudantes, parados/as, xubilados/as...), así como ao continxente de traballadores/as que lograba cadrar



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

horarios para facer uso do bus suprimido. A eliminación do servizo suporá unha maior utilización de vehículos particulares e unha complicación crecente da problemática do tráfico.

A Xunta de Galiza non pode permitir que as empresas actúen como se foran as propietarias dos dereitos sobre as liñas das que son concesionarias, modificando servizos, percorridos e frecuencias ao seu gusto sen o máis mínimo control por parte da Xunta.

O Goberno galego ten a obriga de exercer as competencias que a lei autonómica lle asigna para controlar e fiscalizar a situación do transporte colectivo de viaxeiros/as por estrada, esixindo o cumprimento das condicións establecidas na concesión e protexendo os dereitos e intereses dos/as usuarios/as.

Ademais existen solucións, sen suprimir a liña, que permitirían reducir custos, optimizar horarios e mellorar o servizo, fusionando as liñas 179 (A Coruña-Cambre-Santa María de Vigo) e 184 (A Coruña-Carral-Santa María de Vigo), e transformándoas nunha liña circular que permitise non só a comunicación coa Coruña senón tamén a intercomunicación entre Cambre e Carral.

Por todo o devandito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Autorizou a Xunta de Galiza a supresión por parte da empresa ASICASA da denominada ruta 179, unha liña de autobús que tiña como cabeceira a Estación de Autobuses da Coruña e chegaba até a parroquia de Santa María de Vigo (Cambre), limítrofe co concello de Carral, e á inversa no sentido de volta?

-En caso afirmativo, por qué razón?

-Por qué non houbo ningunha comunicación pública nin se informou aos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

usuarios/as da devandita supresión?

-Vai demandar a Xunta de Galiza o inmediato restablecemento da liña tendo en conta a súa importancia para vertebrar a comunicación de boa parte das parroquias rurais do Concello de Cambre, tanto coa capital municipal como coa cidade da Coruña?

-Vai demandar a Xunta de Galiza o inmediato restablecemento da liña tendo en conta que a súa supresión prexudica aos sectores sociais máis desfavorecidos e a eliminación do servizo suporá unha maior utilización de vehículos particulares e unha maior saturación do tráfico?

-Vai demandar, ademais, melloras no servizo como unha mellor coordinación horaria coa liña 178 entre A Coruña e Cambre?

-Considerou a Xunta de Galiza a conveniencia de fusionar as liñas 179 e 184 (A Coruña-Carral-Santa María de Vigo), transformándoas nunha liña circular?

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2014

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Viceportavoz do G. P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G. P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/07/2014 14:09:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2014 09:30
Nº Rexistro: 24825
Data envío: 04/07/2014 14:10:48.762



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 04/07/2014 14:10:04

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, membro do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa á transparencia e ao pluralismo informativo nas viaxes do presidente da Xunta de Galicia.

Un pano de opacidade percorre as viaxes do presidente da Xunta, circunstancia que non deixa de ferir o dereito da cidadanía galega a fiscalizar os contidos e os gastos que se derivan destas actividades públicas. Opacidade que se reforza coa falla de pluralidade informativa que se segue da composición dos medios de comunicación que acompañan ao presidente nas viaxes.

“As grandes oportunidades de negocio” que son, na opinión interesada da Xunta, todas e cada unha das viaxes compadécense mal coa pobre realidade dos investimentos e do emprego derivado dos acordos, convenios e demais instrumentos de colaboración ao dispor das administracións públicas acadados nos transcurso dos periplos do presidente.

Doutra banda, cómpre coñecer, debater e acordar de que maneira se informa a nosa cidadanía, pola pluralidade de medios realmente existentes, das viaxes do presidente da Xunta. Se os diversos medios de comunicación galegos non comparten esas viaxes mal poderán informar de xeito crítico e veraz dos resultados das mesmas.

E semella inexcusable que a cidadanía galega, a que aboa do seu peto ás idas e voltas presidenciais, teña información polo miúdo, das persoas que compoñen as delegacións, de todos e cada un dos gastos e do relatorio pormenorizado dos acordos acadados: desa maneira poderase avaliar os resultados desas viaxes con obxectividade e sermos polo tanto rigorosos cos cartos públicos. Coas verbas dunha “brava persoa”, nós acreditamos a austeridade entendida como a loita contra a situación existente para organizar de xeito diferente a vida social no marco dunha fonda transformación emancipadora.

Alternativa Galega da Esquerda entende necesario deitar luz sobre a escuridade desas viaxes. Esa escuridade é incompatible coa ética e atenta contra unha praxe social de austeridade, na que acredita Alternativa Galega da Esquerda, que para elo achega a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Cal é a práctica que ten a Xunta para conformar as equipas de comunicación que cobren as viaxes do presidente? E dos outros membros do goberno?
- Non contempla a Xunta un mecanismo que garanta unha composición plural dos medios de comunicación que sigan as viaxes do presidente?
- Que razóns explican a determinación da Xunta de Galicia de ocultar a composición das delegacións, a relación completa polo miúdo dos gastos derivados das viaxes e o relatorio exhaustivo dos diferentes acordos acadados no seu decurso?
- Valora a Xunta pór en práctica a inaudita práctica de ética política consistente en entregar ás forzas políticas, e a sociedade galega polo tanto, o conxunto pormenorizado dos datos das viaxes do presidente e do goberno de maneira que se poida fiscalizar de maneira crítica os resultados das mesmas?

Compostela, 4 de xullo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 04/07/2014 14:10:38



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727